

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

RESOLUCIÓN do 12 de marzo de 2026 pola que se publica a convocatoria, mediante procedemento de asignación de concerto social, da execución do Programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección, cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 para os anos 2026 a 2029 (código de procedemento BS213E).

O Estatuto de autonomía de Galicia no artigo 27.23 atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, establece que, en caso de necesidade de separación de nenos, nenas ou adolescentes das súas familias biolóxicas, a entidade pública poderá acoller a estes na modalidade familiar ou residencial. O artigo 21.3 da dita norma establece que «co fin de favorecer que a vida do menor se desenvolva nun contorno familiar, prevalecerá a medida de acollemento familiar sobre a de acollemento residencial para calquera menor, especialmente para menores de seis anos».

A mesma norma establece no seu artigo 20.1 que o acollemento familiar poderá ser especializado, entendendo por tal o que se desenvolve nunha familia en que algunha ou algunhas das persoas que integran a unidade familiar dispón de cualificación, experiencia ou formación específica para desempeñar esta función respecto de nenos, nenas ou adolescentes con necesidades ou circunstancias especiais, e poden recibir por isto unha compensación. O mesmo artigo especifica que esta modalidade de acollemento familiar poderá ser de dedicación exclusiva cando así se determine pola entidade pública por razón das necesidades e circunstancias especiais do menor en situación de ser acollido; en tal caso a persoa ou persoas designadas como acollidora percibirán unha compensación en atención á dita dedicación.

O acollemento familiar está previsto no Decreto 192/2015, do 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia. En concreto, o punto 2.1.5 do anexo desta norma refírese ao «servizo de apoio a familias acolledoras», mentres que o 2.4.8 detalla os «servizos de acollemento familiar a menores».



Á vista das habilitacións normativas anteriores, e dada a falta de desenvolvemento na actualidade do acollemento especializado con dedicación exclusiva pola entidade pública de protección á infancia e á adolescencia da Comunidade Autónoma de Galicia, propúxose un programa piloto de implantación no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia promovido polas institucións da Unión Europea en colaboración coas institucións estatais e autonómicas españolas.

Este proxecto será cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 nunha porcentaxe do 60 % e pola Consellería de Política Social e Igualdade no 40 % restante.

Este procedemento administrativo tramítase ao abeiro das bases e convocatoria contidas nesta resolución e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.228, código de proxecto 2026 00028, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, en que se prevé que exista crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Ademais, o Decreto 229/2020, do 17 de decembro, desenvolveu o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento das prescricións legais para o establecemento do procedemento, especificacións e condicións básicas para a execución dos concertos sociais dentro da submisión ao dereito administrativo e á normativa de servizos sociais.

Cumpridos os requisitos do artigo 10 e de conformidade co artigo 11 do antedito decreto, a resolución do procedemento BS213E do presente concerto social, logo da fiscalización da proposta, correspóndelle á persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade. As resolucións publicáranse no *Diario Oficial de Galicia*.

Polo exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Autorizar o inicio e convocatoria, mediante procedemento de asignación de concerto social, da execución do Programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección, cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027 (código de procedemento BS213E), que se xunta á presente resolución no anexo I, e ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución de inicio.



Segundo. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2026

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social e Igualdade

ANEXO I

A) Necesidade administrativa que se pretende satisfacer.

A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que nenos, nenas e adolescentes deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, e nos reais decretos de transferencia 2411/1982, do 24 de xullo, e 534/1984, do 25 de xaneiro, e en virtude da dita competencia, aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, asumiu entre as súas competencias, segundo o artigo 14.1.b) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decre-



to 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, na Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, e na Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

Este concerto social pretende afianzar na Comunidade Autónoma de Galicia a implantación do acollemento especializado con dedicación exclusiva, previsto no artigo 20.1 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, de conformidade co artigo 96.1.e) da Lei 3/2011, do 30 de xuño, que recolle a posibilidade de que as entidades prestadoras de servizos sociais colaboren nos procesos de acollemento familiar.

O artigo 2 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que este tipo de relación xurídica se pode establecer entre a Administración xeral autonómica e aquelas entidades que ofrezan servizos sociais previstos nas carteiras de servizos vixentes que se determinen.

O anexo do Decreto 192/2015, do 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia, establece, no referido ao acollemento familiar, os seguintes servizos:

– No punto 2.1.5 o servizo de apoio a familias acolledoras, que se estrutura en dúas modalidades:

– 2.1.5.1. Modalidade de formación, valoración e apoio familiar, que se define como o conxunto de intervencións destinadas a levar a cabo a formalización do acollemento familiar de menores, definido este como o modo de exercicio da garda da persoa menor como medida de protección, consistente na integración desta nunha familia con quen ten ou non vínculos de parentesco. A finalidade do servizo é determinar a familia máis axeitada para satisfacer as necesidades da persoa menor e dotala das ferramentas que lle faciliten o desempeño das tarefas de atención e coidado desta.

– 2.1.5.2. Modalidade de apoio económico, definida como a prestación económica destinada a compensar os gastos derivados da atención a nenos, nenas e adolescentes en réxime de acollemento familiar.



– No punto 2.4.8 dáse conta dos servizos de acollemento familiar a menores, que se definen como o conxunto de intervencións mediante as cales se exerce a garda dun neno, nena ou adolescente como medida de protección, a través da plena integración da persoa menor nunha familia coa que non se establece vinculo xurídico de filiación. A finalidade do acollemento familiar é procurar á persoa menor separada da súa familia a atención nun contexto familiar ou de convivencia axeitado, xa sexa con carácter temporal ou permanente.

B) Obxecto do concerto social.

O acollemento familiar configúrase como un recurso, con carácter reversible, clave e prioritario no sistema de protección de nenos, nenas e adolescentes (en diante, NNA), que persegue a total integración destes nun contorno afectivo e social que posibilite en maior medida o seu axeitado desenvolvemento físico e emocional.

Neste marco, a experiencia neste tipo de acollemento revela a necesidade de establecer unha nova modalidade de acollemento familiar que, mantendo as vantaxes que supón para os NNA vivir nun contorno familiar, permita que menores con especiais problemas condutuais ou con necesidades ou circunstancias especiais sexan tratados con plena dispoñibilidade e garantías de recuperar ou beneficiar o menor, ao contar algún dos membros da unidade familiar acollidora cunha cualificación profesional, experiencia ou formación específicas.

O obxecto do concerto é a prestación do servizo de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de NNA en situación de desprotección, cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, a través da realización, por parte dunha única entidade prestadora, de servizos sociais e de conformidade coas instrucións e circulares da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, de tarefas relacionadas con catro ámbitos:

- a) Captación, selección, formación e apoio das persoas acolledoras especializadas.
- b) Apoio técnico ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de NNA.
- c) Xestión dos acollementos familiares especializados con dedicación exclusiva propostos pola entidade pública de protección á infancia e adolescencia de Galicia e coordinación con esta.



d) Fomento da relación entre a familia acollidora especializada e a de orixe seguindo as indicacións do Plan Individualizado de intervención do NNA. Procurarase sempre que as ditas relacións sexan cordiais pero sen recaer en informalidades e sempre baixo as directrices e recomendacións da entidade pública, que promoverá, previamente, de ser o caso, a capacitación parental destas familias de orixe.

C) Modalidade de concertación.

A modalidade de concertación é o procedemento de asignación de concertos, regulado no artigo 9 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. O concerto será asignado a unha única entidade privada sen ánimo de lucro.

Varias entidades poderán concorrer integrando unha UTE, de acordo co artigo 69 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sempre que todas elas cumpran os requisitos establecidos no artigo 6 do Decreto 229/2020 e na convocatoria deste procedemento BS213E.

D) Réxime económico do acordo.

D.1. Orzamento e crédito orzamentario a que se imputa o gasto:

A Consellería de Política Social e Igualdade financiará o custo derivado da execución do presente concerto cunha contía máxima de 2.822.288,09 € no período do 1.7.2026 ao 30.6.2029. Este importe será cofinanciado, nunha porcentaxe do 60 %, pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, dentro do obxectivo político 4 «Unha Europa máis social e inclusiva por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais», prioridade 7 «Garantía infantil», obxectivo específico ESO 4.11 «Mellorar a igualdade e a oportunidade do acceso a uns servizos de calidade, sostibles e alcanzables, incluídos os servizos que propicien o acceso á vivenda e uns coidados centrados nas persoas, especialmente a sanidade; modernizar os sistemas de protección social, especialmente o fomento do acceso á protección social, cunha atención particular aos nenos e os colectivos desfavorecidos; mellorar a accesibilidade, tamén para persoas con discapacidade, a efectividade e a resiliencia dos sistemas de asistencia sanitaria e de dependencia» e medida 7.K.03 «Programa de acollemento familiar», e con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.228 que figura na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais



da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, en que existe crédito axeitado e suficiente. De ser o caso, para o incremento do crédito e logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda, é necesario o previo informe favorable do organismo intermedio do programa FSE+ Galicia 2021-2027 (actualmente, a Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos).

Na contía máxima do concerto non se engade o IVE segundo o artigo 20.un.8º.a) da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

Este concerto deberá someterse, en tanto que operación cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, ás disposicións do Tratado da Unión Europea e aos actos fixados na súa virtude, e será coherente coas actividades, políticas e prioridades comunitarias en prol dun desenvolvemento sustentable e mellora do ambiente, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de apoio financeiro á xestión de fronteiras e política de visados.

Quedarán suxeito á normativa comunitaria, nacional e autonómica que resulte aplicable ás operacións cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027. En particular, será de aplicación a seguinte normativa específica: o Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de apoio financeiro á xestión de fronteiras e política de visados; o Regulamento (UE) 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) nº 1296/2013, e a Orde TES/106/2024, do 8 de febreiro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027.



D.2. Distribución en anualidades:

Distribución da previsión de disposición de fondos FSE+ (previsión para 30 NNA)					
Acollemento especializado	Ano 2026 184 días	Ano 2027	Ano 2028	Ano 2029 181 días	Total
FSE+	255.336,19 €	552.520,12 €	582.286,30 €	303.230,24 €	1.693.372,85 €
Fondos propios	170.224,13 €	368.346,74 €	388.190,87 €	202.153,50 €	1.128.915,24 €
Total FSE+/FP	425.560,32 €	920.866,86 €	970.477,17 €	505.383,74 €	2.822.288,09 €

Resumo de gastos	Resumo de gastos 2026 (184 días)-2029 (181 días)					
	Tipo de custo	Ano 2026 184 días	Ano 2027	Ano 2028	Ano 2029 181 días	Total gastos 2026 (184 días)- 2029 (181 días)
A) Custos tramo fixo		104.400,17 €	221.754,75 €	231.674,14 €	119.205,34 €	677.034,40 €
a.1) Custo de persoal		87.628,11 €	188.484,08 €	198.312,32 €	102.706,73 €	577.131,24 €
a.2) Custos de funcionamento		16.772,06 €	33.270,67 €	33.361,82 €	16.498,61 €	99.903,16 €
B) Custos tramo variable		321.160,15 €	699.112,11 €	738.803,03 €	386.178,40 €	2.145.253,69 €
b.1) Custos da dedicación exclusiva da familia acollidora		321.160,15 €	699.112,11 €	738.803,03 €	386.178,40 €	2.145.253,69 €
Totais		425.560,32 €	920.866,86 €	970.477,17 €	505.383,74 €	2.822.288,09 €

Posibles modificacións 2026 (184 días)-2029 (181 días)					
Tipo de custo	Ano 2026 184 días	Ano 2027	Ano 2028	Ano 2029 181 días	Total posibles modificacións 2026 (184 días)- 2029 (181 días)
A) Custos tramo fixo	52.200,08 €	110.877,38 €	115.837,07 €	59.602,67 €	338.517,20 €
a.1) Custo de persoal	43.814,05 €	94.242,04 €	99.156,16 €	51.353,37 €	288.565,62 €
a.2) Custos de funcionamento	8.386,03 €	16.635,34 €	16.680,91 €	8.249,30 €	49.951,58 €
B) Custos tramo variable	160.580,08 €	349.556,05 €	369.401,52 €	193.089,20 €	1.072.626,86 €
b.1) Custos da dedicación exclusiva da familia acollidora	160.580,08 €	349.556,05 €	369.401,52 €	193.089,20 €	1.072.626,86 €
Totais	212.780,16 €	460.433,43 €	485.238,59 €	252.691,87 €	1.411.144,06 €

Importe total estimado (gastos + posibles modificacións)	4.233.432,15 €
--	----------------



D.3. Prezo.

O prezo que a Consellería de Política e Igualdade aboará pola prestación do servizo obxecto deste concerto articúlase en función de dous tramos:

a) Un tramo fixo mensual de:

	Ano 2026	Ano 2027	Ano 2028	Ano 2029
Tramo mensual	17.400,03 €	18.479,56 €	19.306,18 €	19.867,56 €

A retribución ao día no caso de que o inicio ou final da prestación do servizo non coincida co inicio ou fin do mes natural:

	Ano 2026	Ano 2027	Ano 2028	Ano 2029
Custo día	580,00 €	615,99 €	643,54 €	662,25 €

No suposto ao día no caso de que o inicio ou final da prestación do servizo non coincida co inicio ou fin do mes natural, que cubre os gastos de persoal e os custos de funcionamento da entidade concertada, de acordo co estudo de custos que figura no expediente deste concerto social. Este importe reflicte en cada ano os incrementos salariais que se desprenden do V Convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores (BOE núm. 302, do luns 16 de decembro de 2024).

b) Un tramo variable, que se aboará en función dos acollementos especializados constituídos cada mes. A dedicación exclusiva da familia acolledora remunerase cun importe equivalente ao salario do educador social (salario base + complemento específico correspondente custo de Seguridade Social). Segundo o V Convenio colectivo de reforma xuvenil e protección de menores, BOE Resolución do 3 de decembro de 2024, o importe será o seguinte:

Asignación a familias acolledoras	2026 184 días	2027	2028	2029 181 días
Total	321.160,15 €	699.112,11 €	738.803,03 €	386.178,40 €

Nº familias	20	20	20	20
Meses	6	12	12	6
Asignación a familias acolledoras (mes)	2.676,33 €	2.912,97 €	3.078,35 €	3.218,15 €



Quedan expresamente excluídos deste concerto social como gasto elixible os gastos de manutención de cada NNA acollido, que serán remunerados de conformidade coas circulares e instrucións internas do órgano competente en materia de protección á infancia e á adolescencia.

A remuneración establecida na letra b) deste punto será realizada pola entidade adjudicataria do concerto. Para estes efectos, deberá establecer coas familias acolledoras a fórmula xurídica que considere máis oportuna (contrato laboral, contrato mercantil ou outras fórmulas que a partir do desenvolvemento da disposición adicional novena da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, se axusten á normativa vixente).

Calquera que sexa a fórmula de relación entre a entidade e as familias acolledoras, as retribucións totais que reciban estas estarán suxeitas á correspondente dedución do IRPF.

As cotizacións sociais que lle correspondan á empresa, de ser necesarias en función da fórmula de relación que se presente no proxecto técnico, poderán imputarse á partida correspondente ao tramo variable indicado no programa e incluírse na factura mensual deste.

E) Duración do concerto social e posibilidade de renovacións.

Este concerto social, cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento BS213E), terá unha vixencia desde a data de formalización do concerto, prevista para o 1.7.2026, ata o 30.6.2029.

De acordo co artigo 8 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, coa finalidade de garantir a estabilidade na súa provisión, despois da data fin de vixencia, o programa poderá continuar tras a convocatoria dun novo concerto financiado con fondos propios ou da UE, sempre e cando exista crédito adecuado e suficiente.

F) Requisitos que deben cumprir as entidades para poder presentarse ao procedemento de concertación.

O artigo 2 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que este



tipo de relación xurídica se pode establecer entre a Administración xeral autonómica e aquelas entidades prestadoras de servizos sociais que ofrezan servizos sociais previstos nas carteiras de servizos vixentes que se determinen.

Para poderen acollerse ao réxime de concerto social as entidades que presten servizos sociais deberán cumprir os requisitos seguintes:

a) Estar debidamente inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Contar coa solvencia suficiente segundo os seguintes indicadores:

b.1) Solvencia económica e financeira. Acreditarase por un dos seguintes medios:

b.1.1) Volume anual de negocios, referido aos tres últimos exercicios concluídos dispoñibles en función da data de creación ou inicio das actividades da entidade. Reputarase solvente a entidade licitadora que acredite ter un volume de negocios no ámbito da atención á infancia e á adolescencia, referido ao ano de maior volume de negocios dos últimos tres concluídos, por un importe igual ou superior a 350.000 euros.

b.1.2) Un seguro de indemnización de responsabilidade civil por riscos profesionais, vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas, por un importe igual ou superior aos seguintes valores anuais: 350.000,00 euros.

A súa acreditación efectuarase por medio de:

1. Unha declaración responsable asinada polo representante legal do licitador, en que se exprese o importe asegurado e a súa vixencia, que deberá ser igual ou superior aos valores anuais indicados.

2. Unha vez adxudicado o concerto, a entidade que resulte adxudicataria estará en condicións de achegar de ser requirida, un certificado expedido pola aseguradora, en que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, así como un documento de compromiso vinculante de subscripción, prórroga ou renovación do seguro, no caso en que proceda, para garantir o mantemento da súa cobertura durante a execución do concerto.



b.2) Solvencia técnica e profesional:

Reputarase solvente a entidade concertante que acredite, cando menos, un dos seguintes requisitos:

– Ter un ou varios servizos de natureza análoga ao obxecto deste concerto, que se prestasen a algunha Administración pública ou entidade privada (contabilizados ata o fin do prazo de presentación de proposicións) no curso de, como máximo, os tres últimos anos, e cuxos importes acumulados no ano de maior execución sexa igual ou superior a 563.942,60 euros, segundo a normativa vixente.

– Que, polo menos, a persoa que exerza de coordinador/a e outro membro do equipo técnico contén, respectivamente, en postos de características asimilables, cunha experiencia mínima de dous anos, dentro dos últimos tres, nalgunha empresa ou entidade que á súa vez prestase servizos para unha Administración pública ou entidade privada, sempre que tanto o servizo prestado, como as tarefas desempeñadas polo persoal, teñan natureza análoga ao obxecto do concerto.

c) Contar cunha experiencia mínima de atención á infancia e á adolescencia de 2 anos.

d) Que está ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT.

e) Estar ao día no de pagamento coa Seguridade Social.

f) Estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Estar en condicións de poder presentar, de resultar adxudicataria, os seguros que se detallan no punto K.3 desta resolución (póliza de seguros dos locais e de responsabilidade civil).

h) Estar en condicións de acreditar o cumprimento da normativa que, con carácter xeral ou específico, lle sexa aplicable, tanto pola natureza xurídica da entidade como polo tipo de servizo obxecto do concerto social.

G) Prazo e lugar de presentación de solicitudes.

G.1. As solicitudes de participación na convocatoria de concerto social deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (anexo II).



De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>). A presentación da solicitude supón a aceptación incondicionada da persoa solicitante da totalidade do contido da convocatoria, sen excepción ou reserva ningunha.

G.2. O prazo para presentar as solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

H) Documentación complementaria.

H.1. As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Unha relación de todos os documentos que se presentan.

b) Declaración responsable ou certificación que acredite que conta coa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional segundo se indica na cláusula F desta convocatoria, no caso de optar por acreditarla neste momento.

c) Documentación que acredite que a entidade conta cunha experiencia mínima de 2 anos na atención á infancia e á adolescencia, no caso de optar por acreditarla neste momento. No caso de que esta experiencia se derive de instrumentos xurídicos asinados coa Xunta de Galicia, acreditarase de oficio. A entidade presentará, de ser o caso, unha relación dos servizos prestados á Xunta de Galicia.

d) Relación do persoal adscrito ao servizo segundo o anexo VII (relación de persoal adscrito ao servizo) da resolución da convocatoria. O persoal poderase contratar ou asignar a este programa tras a adxudicación do concerto. Neste caso indicarse neste momento «pendente de contratación». No caso de que se manteñan o persoal subrogado, indicarse o número de orde que figure na táboa de subrogación que figura no anexo IX.



e) Documentación que acredite os criterios de selección e preferencia (cláusula O) da resolución da convocatoria:

e.1) Proxecto técnico, diferenciado nos seguintes puntos:

– Accións de divulgación do programa, en que se detallarán, polo menos, os seguintes aspectos:

• Descrición das accións de divulgación previstas, contido básico destas e medio a través do cal se levarán a cabo.

• Temporalización.

• Público destinatario.

– Proxecto formativo, en que se especificará:

• Contidos das actividades formativas.

• Metodoloxía.

• Recursos empregados.

• Duración e temporalización.

– Proxecto de intervención coas familias e nenos, nenas e adolescentes, sinalando:

• Obxectivos específicos da intervención e contidos, en función das distintas problemáticas que poidan presentarse.

• Metodoloxía.

• Recursos empregados.

• Proposta de avaliación do programa, xustificando os criterios de éxito ou fracaso empregados.

e.2) Descrición das instalacións en que se levará a cabo o servizo: para cada unha das instalacións ofertadas achegaranse as informacións e documentos seguintes:

– Situación xeográfica, coa súa localización en plano.



– Descrición clara das súas condicións físicas e arquitectónicas, xuntando planos de planta e fotografías, tanto do exterior como dos espazos interiores, e sinalando para cada un destes o número de metros cadrados útiles e os usos correspondentes.

– Descrición do equipamento e recursos materiais con que conta.

e.3) Documentación que acredite a posesión da Marca galega de excelencia en igualdade e/ou do certificado de empresa familiarmente responsable, ou documentos equivalentes.

e.4) Declaración sobre a experiencia do persoal asignado ao proxecto e documentación que a acredite (contratos laborais e certificados de ter prestado servizos en programas relacionados co acollemento familiar ou documentación administrativa que acredite a experiencia como familia acolledora), de acordo co establecido na cláusula O.

e.5) Declaración sobre a formación do persoal asignado ao proxecto e documentación que a acredite, de acordo co establecido na cláusula O.

e.6) Documentación que acredite a experiencia da entidade no ámbito da protección á infancia e adolescencia. En caso de que a experiencia da entidade se refira a programas efectuados no ámbito da Xunta de Galicia, será suficiente cunha declaración responsable, que comprobará de oficio a Comisión de Valoración.

f) Certificado de estar en condicións de poder presentar, de resultar adjudicataria, os seguros que se mencionan no punto K.3 desta resolución do concerto (póliza de seguros dos locais e de responsabilidade civil).

g) Certificado de estar en condicións de acreditar o cumprimento da normativa que, con carácter xeral ou específico, lle sexa aplicable, tanto pola natureza xurídica da entidade como polo tipo de servizo obxecto do concerto social.

Os requisitos das alíneas a), d), e) e f) da cláusula F) serán comprobados de oficio polo órgano competente para a formalización do concerto social.

H.2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.



As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

H.3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

I) Comprobación de datos.

I.1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa representante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) DNI/NIE do persoal adscrito ao servizo.
- d) Inscripción no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia das entidades solicitantes.
- e) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT (anexo II-solicitude de participación).
- f) Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social (anexo II-Solicitude de participación).



g) Comprobación de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia (anexo II-Solicitud de participación).

h) Consulta da inexistencia de antecedentes penais do persoal que se designe para a prestación do servizo.

i) Inexistencia de antecedentes penais por delitos de natureza sexual do persoal que se designe para a prestación do servizo.

j) Títulos oficiais universitarios do persoal adscrito ao servizo, segundo o punto 5.4 do prego de prescricións técnicas.

1.2. No caso de que a entidade interesada se opoña á consulta, deberá indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

1.3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

J) Órganos competentes para a tramitación e resolución do procedemento.

A tramitación deste procedemento de concerto social correspóndelle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade.

A resolución correspóndelle, de acordo coa posibilidade de delegación que se recolle no artigo 16 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, á persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade.

K) Procedemento do concerto social.

K.1. Instrución.

K.1.1. Este concerto realizarase mediante o procedemento de asignación seleccionando a entidade prestadora do servizo segundo as prestacións ou programas que prestará



durante o concerto social, de acordo cos criterios de selección e preferencia desta convocatoria.

K.1.2. Correspóndelle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica a instrución do procedemento que verificará que as solicitudes das entidades reúnen os requisitos exixidos e achegaron a documentación preceptiva.

K.2. Informe da Comisión de Valoración.

K.2.1. A Comisión de Valoración fará público o resultado das súas deliberacións a través do portal web da Consellería de Política Social e Igualdade.

K.2.2. A Comisión de Valoración determinará aquelas entidades que cumpran os requisitos para concertar e elaborará un informe en que figurará unha listaxe ordenada, de acordo coas puntuacións obtidas, en que propondrá para a execución do concerto a entidade que reúna maior puntuación.

K.3. Documentación que debe presentar a entidade adxudicataria.

Unha vez aceptada pola Consellería de Política Social e Igualdade a proposta da Comisión de Valoración, a entidade seleccionada deberá presentar a seguinte documentación:

- Anexo III-Documentación que presenta a entidade adxudicataria.
- Anexo VII-Relación de persoal adscrito ao servizo.
- Anexo V-Consentimento individualizado da comprobación de datos asinado polo persoal adscrito ao servizo.
- Documentación que acredite a formación e experiencia do persoal asignado ao proxecto (contratos laborais e certificados de ter prestado servizos en programas relacionados co acollemento familiar ou documentación administrativa que acredite a experiencia como familia acollidora), en caso de non tela presentado coa solicitude.
- Documentación que acredite a solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, de acordo coas fórmulas escollidas na declaración responsable presentada coa solicitude, de ser o caso.



– Documentación que acredite a subscrición dos seguros que se mencionan a continuación:

A entidade adxudicataria virá obrigada á constitución dunha póliza de seguros para a cobertura dos seguintes riscos:

1. Póliza de seguros que cubra os danos e sinistros que se produzan nos locais, bens, aparatos e materiais afectos ao servizo.

2. De responsabilidade civil que cubra:

* Os danos que puidese sufrir calquera persoa, en si mesmas ou nos seus bens, e que deriven do funcionamento dos locais da entidade adxudicataria con que conta o programa.

* Os danos que puidesen ser causados ás persoas e aos bens de terceiros, polos profesionais e, en xeral, calquera persoa dependente da entidade adxudicataria, incluídos os actos derivados de actividades realizadas relacionadas coa prestación do servizo.

A suma asegurada deberá ser dun mínimo de 150.000,00 € por sinistro e 300.000,00 € por anualidade.

A xustificación da póliza subscrita e do pagamento da prima deberá realizarse no momento da formalización, e cada vez que se renove a póliza.

– O xustificante de presentación na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia (na sede de Santiago de Compostela da Consellería de Facenda e Administración pública ou nas Delegacións provinciais da Axencia tributaria de Galicia-Atriga) da garantía que se exige no punto S.2 desta resolución.

K.4. Formalización do concerto.

K.4.1. Este concerto social formalizarase mediante un documento administrativo, co contido establecido no artigo 19 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, dentro dos 30 días seguintes ao da publicación da resolución de concertación.

K.4.2. O documento de formalización será subscrito, en representación da Administración, pola persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ou pola persoa en que delegue.



K.4.3. O concerto perfeccionarase coa súa formalización e non se poderá iniciar a súa execución sen terse efectuado esta previamente.

K.4.4. Efectuada a formalización, a entidade concertada estará obrigada a prestar ás persoas usuarias os servizos sociais nas condicións establecidas na normativa sectorial aplicable, nesta resolución de convocatoria do concerto social e nos criterios de preferencia e selección da entidade.

K.4.5. Cando por causas imputables á entidade concertada non se formalizase o concerto social, a Administración acordará a súa resolución e a incautación da garantía no caso de terse constituído.

K.4.6. Se as causas da non formalización fosen imputables á Administración, indemnizarase a entidade polos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

L) Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

M) Prazo de resolución, notificación e publicación.

M.1. Dado que o «Programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección» está cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa do FSE+ Galicia 2021-2027, deberá notificarse á entidade concertada un documento en que se establezan as condicións da axuda. Nesta resolución constará a información sobre o cofinanciamento e correspondente porcentaxe, con indicación do obxectivo político, prioridade e obxectivo específico e medida. Así mesmo, figurará a identificación da entidade concertada, o prezo que recibirá e obrigas que lle correspondan, os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deben entregarse ou prestarse, o plan de financiamento, o prazo de execución, así como os demais requisitos previstos na normativa comunitaria para a selección de operación que debe conter o documento polo que se establecen as condicións da axuda (DECA). Tamén se lle informará de que a adxudicación do concerto poderá implicar a súa aparición na lista de operacións que se publicará nos termos establecidos no artigo 49.3 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.



M.2. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

M.3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

M.4. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

M.5. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

M.6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

M.7. A resolución de concertación será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e a publicación terá os efectos da notificación, consonte o artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería de Política Social e Igualdade.

M.8. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución de concertación será de tres meses contado desde a publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Este prazo poderá ser ampliado, de acordo coa normativa sobre o procedemento administrativo, por un prazo máximo doutros tres meses.



M.9. Transcorrido o prazo establecido sen se ditar e notificar resolución, as entidades poderán entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

N) Recursos contra a resolución.

Este concerto terá carácter administrativo e rexerá nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto no artigo 18 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, así como a Lei 8/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Na súa falta, para resolver as lagoas e dúbidas que se poidan presentar, rexerá polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade, e os seus acordos poñerán fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non for expreso, poderase interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o for, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O) Criterios de selección e preferencia.

O.1. Para a formalización deste concerto, de acordo co artigo 33 quinquies.5 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, darase prioridade ás entidades sen ánimo de lucro, cando existan análogas condicións de efectividade, calidade e rendibilidade social, sempre que, en todo caso, se garanta a libre concorrència e se respecten os principios de igualdade de trato, de non discriminación e de transparencia.

Entenderase que existen análogas condicións de efectividade, calidade e rendibilidade social cando as ofertas presentadas polas entidades sen ánimo de lucro superen os 40 puntos segundo o baremo establecido no punto 2 desta cláusula.



Cando non se dean análogas condicións de efectividade, calidade e rendibilidade social, ou en ausencia de entidades de iniciativa social, a Administración poderá concertar co resto de entidades prestadoras de servizos sociais.

O.2. Neste procedemento de asignación de concerto establécense os seguintes criterios para a selección da entidade adjudicataria, coa finalidade de acadar unha valoración que sirva para establecer unha orde de prelación para concertar:

a) Calidade do proxecto técnico (44 puntos), baremado de acordo cos seguintes criterios:

a.1) Accións de sensibilización, difusión e captación do programa, ata 8 puntos, segundo os seguintes criterios:

– Plan de sensibilización: coñecemento do programa á poboación xeral sobre as dificultades e necesidades dos menores de protección. Ata 2 puntos.

– Difusión e captación de potenciais destinatarios: incidencia en colectivos sociais e profesionais vinculados á infancia. Ata 2 puntos.

– Adecuación do formato, contido e metodoloxía e medios recursos empregados aos obxectivos pretendidos. Ata 2 puntos.

– Accións de implicación das propias familias na difusión do programa, que promova a creación de sinerxías entre elas. Ata 2 puntos.

a.2) Proxecto formativo das posibles familias, ata 14 puntos, segundo os seguintes criterios:

– Adecuación de contidos, metodoloxía, recursos e avaliación empregados respecto aos obxectivos pretendidos. Ata 10 puntos.

• Información (orientada cara á autoselección) e formación (retos derivados das necesidades e circunstancias especiais en relación co interese superior do menor e retos do propio acollemento, derivados da desprotección infantil).

• Formación: motivación, expectativas e competencias parentais.

– Facilitade de acceso ás actividades tendo en conta a súa distribución xeográfica e temporal: rexistros asociados. Ata 4 puntos.



a.3) Proxecto de intervención coas familias e menores, ata 18 puntos, tendo en conta a coherencia entre as distintas problemáticas e necesidades das persoas menores atendidas e os obxectivos, contidos, metodoloxía e actividades propostos.

- Información e formación: necesidades dos nenos, nenas e adolescentes derivadas da desprotección e necesidades derivadas das circunstancias especiais. Ata 3 puntos.

- Colaboración cos servizos de protección na valoración da adecuación. Solicitud, documentación e proposta de declaración de adecuación. Ata 3 puntos.

- Plan de integración diferencial, en función das diferentes características dos nenos e nenas: idade, enfermidade crónica ou discapacidade, diferenzas culturais e raciais, grupos de irmáns e outras. Ata 4 puntos.

- Intervención na preparación do menor, axuste, formalización do acollemento, apoio e seguimento. Ata 4 puntos.

- Servizos de apoio e acompañamento familiar. Ata 4 puntos.

a.4) Calidade do sistema de avaliación proposto. Ata 4 puntos.

b) Instalacións en que se levará a cabo o servizo: ata 6 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

b.1) Dimensións, distribución e grao de adecuación dos espazos, así como grao de adecuación dos equipamentos ás actividades que se vaian realizar, incluída a situación xeográfica. Ata 3 puntos.

b.2) Grao de conservación, calidade e confortabilidade dos espazos e equipamentos, incluída a accesibilidade. Ata 3 puntos.

c) Medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade, ata 10 puntos:

De acordo co establecido no artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, valorarase a existencia na empresa de políticas en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución deste concerto do seguinte xeito:

c.1) Estar en posesión da Marca galega de excelencia en igualdade, ou equivalente (5 puntos).



c.2) Estar en posesión do certificado de empresa familiarmente responsable, ou equivalente (5 puntos).

d) Experiencia do persoal técnico asignado ao proxecto, ata 15 puntos. Computarase un punto por cada ano de experiencia do persoal asignado ao proxecto en materia de acollemento familiar ou protección de menores en xeral. Terase en conta a experiencia laboral como persoal técnico en programas de protección de menores, en programas ou servizos relacionados directamente con acollemento familiar, ou en atención ao trauma.

e) Formación do persoal asignado ao proxecto, ata 15 puntos. Valorarase cun punto cada dez horas de formación do persoal en materia de protección á infancia. Neste sentido, terase en conta a participación en congresos ou xornadas, sempre que as certificacións de asistencia se refiran aos dez últimos anos. Para que sexan baremadas, as actividades formativas terán que corresponder á formación regrada e homologada ou ter sido organizadas por entidades autorizadas pola Administración a prestar servizos sociais (inscrición no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, ou equivalente).

f) Por cada ano de servizo acreditado pola entidade no ámbito da protección á infancia e á adolescencia, ata 10 puntos. Computarase un punto por cada ano.

Empregarase como criterio de desempate un número de integrantes do cadro de persoal superior ao 2 % nos termos do artigo 147.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e o Acordo do Consello da Xunta do 8 de abril de 2010, así como o previsto no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. No caso de que varias empresas se atopen nestas circunstancias, terá preferencia na adxudicación do concerto o licitador que acredite maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

P) Composición e funcionamento da Comisión de Valoración.

P.1. A Comisión de Valoración está composta polo persoal funcionario que a continuación se relaciona:

	Titular	Suplente
Presidencia	Subdirector/a xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia	Subdirector/a xeral de Demografía e Conciliación



	Titular	Suplente
Vogalías	Xefe/a do Servizo de Protección de Menores	Xefe/a do Servizo de Apoio á Familia, á Infancia e á Adolescencia
	Psicólogo/a (SPM)	Traballador/a social (SPM)
	Psicólogo/a (SPM)	Psicólogo/a (SPM)
	Pedagogo/a (SPM)	Pedagogo/a (SPM)
Secretaría	Xefe/a da Sección de Contratación	Xefe/a da Sección de Tramitación Administrativa

P.2. Na organización e funcionamento da Comisión de Valoración aplicarase o disposto, en materia de órganos colexiados, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

P.3. O órgano instrutor, a través da Comisión de Valoración, poderá solicitarlles aos interesados cantas aclaracións e ampliacións de información e documentos sexan precisos para a adecuada resolución do procedemento, e, en xeral, realizar cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución, entre os que se incluírá en todo caso un prazo de corrección de solicitudes, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

P.4. Así mesmo, a Comisión de Valoración poderá solicitar os informes técnicos que precise nos seus labores de instrución.

Q) Condicións técnicas e materiais da prestación obxecto do concerto social.

O acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva é unha modalidade de acollemento familiar polo que se exerce a garda daqueles NNA que non poden permanecer nos seus fogares, mediante a que se proporciona un lugar de residencia e convivencia que cumpra co cometido dunha satisfacción das necesidades de protección, educación e desenvolvemento, incluídas as actuacións terapéuticas e rehabilitadoras necesarias. O acollemento realizarase nunha vivenda xunto cunha familia acolledora e ten o matiz de especializado, xa que algún dos membros disporá de cualificación, experiencia profesional/laboral ou formación específica para desempeñar esta función respecto de NNA con necesidades ou circunstancias especiais. O desempeño desa función realizarase con dedicación exclusiva por parte da persoa acolledora, polo que resultará incompatible con



outra actividade laboral. Percibirá por iso a correspondente compensación económica e, ao tratarse dun labor especializado, manterá unha relación fluída coa entidade adxudicataria que leve a cabo o programa. A persoa acolledora atenderá, igualmente, as entrevistas e cuestións que desde os equipos técnicos de menores (en diante, ETM) dos departamentos territoriais correspondentes se lle requiran.

De igual modo, as características especiais destes NNA fan obrigada unha estreita e nalgúns casos, moi regular, colaboración e coordinación das familias co sistema público sanitario, social e/ou educativo.

A súa finalidade é a de promover os coidados do NNA especialmente vulnerable, coa participación de acolledores cualificados, nun contorno estable de protección que favoreza a rehabilitación e o desenvolvemento emocional, e o retorno o antes posible do menor á familia de orixe, sempre que sexa posible, ou derive a unha medida definitiva como a adopción.

Como todo acollemento familiar, trátase dun recurso protector e educativo, no sentido máis integral. Este tipo de acollemento achegará un fogar estable, cálido, normalizado, con pautas educativas claras e que contribuirá a que os NNA poidan crear novos vínculos, a reparar as feridas emocionais que as súas experiencias previas lles tiveran provocado, a mellorar a nivel físico e emocional, a coñecer un modelo familiar axeitado, a manter a súa identidade e, se é o caso, a relación coa familia de orixe.

As familias manterán, na medida en que sexa bo para o NNA, e baixo as directrices do ETM, contacto coa familia biolóxica sempre que sexa o recomendable, segundo o momento en que se encontre esta, para acadar os obxectivos establecidos buscando o máximo nivel de integración e estabilidade posible. O xeito de realización destas visitas e contactos serán os estipulados pola entidade pública, segundo as capacidades e situación social, psicolóxica, emocional e tendo sempre presente o interese superior do NNA.

Q.1. Principios xerais.

Destácanse os seguintes principios que guiarán as actuacións:

- Superior interese do menor. Como todas as medidas de protección, o acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva deberá estar sempre xustificado por ser a intervención que mellor atende os intereses concretos de cada NNA nun momento dado. Iso



implica a protección e garantía dos seus dereitos fundamentais como persoa, consagrados na Convención de Dereitos do Neno e recollidos na lexislación estatal e autonómica.

- Necesidades dos NNA como eixo primordial. O deseño dos programas de acollemento familiar especializado, así como os procedementos que se establezan para o seu desenvolvemento, deberán basearse fundamentalmente na súa capacidade para cubrir adecuadamente as necesidades dos NNA.

- Atención integral, individualizada, proactiva e rehabilitadora. O acollemento familiar especializado, como ambiente temporal substitutivo do coidado familiar, debe asumir a educación integral do NNA, con especial atención ás súas necesidades afectivas e de relación. Algúns dos problemas que manifestan os NNA que usarán este recurso obrigan a prestar unha intervención altamente especializada, e faise necesario unha formulación proactiva, de detección temperá de calquera dificultade que estea a obstaculizar o seu adecuado desenvolvemento e de posta en funcionamento e/ou coordinación cos necesarios recursos terapéuticos e reeducadores. Converterase a estadia dos NNA nunha experiencia confortable, de bo trato, de reparación da confianza nos adultos, pero fundamentalmente de potenciación do desenvolvemento persoal e da integración social, centrando a intervención nas posibilidades, nas necesidades e nos obstáculos que poidan limitalo.

- Participación dos NNA. A Convención de Dereitos do Neno establece o seu dereito para participar nas decisións que os afectan. Nos procesos de intervención do sistema de protección infantil é particularmente necesario contar coa súa perspectiva, dada a transcendencia que teñen estas decisións para o seu futuro. No desenvolvemento dos programas de acollemento familiar especializado, a participación dos NNA debe ser un eixo central de traballo, xa que será interpretada non só como un dereito, senón tamén como un obxectivo educativo. Como dereito, implica tomar en consideración as opinións e suxestións dos NNA na dinámica familiar, así como nas decisións que os afectan. A participación debe ser tamén obxecto de traballo educativo e xerar experiencias de implicación persoal, fomentando o desenvolvemento das habilidades necesarias para o seu exercicio e incrementando o nivel de participación nas tarefas e xestións do fogar a medida que se van facendo maiores e van cumprindo cos obxectivos do seu programa educativo. Este principio débese aplicar, igualmente, promovendo a implicación dos/das acolledores/as cos profesionais que interveñan co NNA na mellora continua das metodoloxías e procedementos de actuación.

- Normalización e especialización. Trátase de dous conceptos complementarios, por canto o primeiro expón a necesidade de que os NNA acollidos poidan gozar dunha vida o máis parecida á do resto dos nenos que viven coas súas familias, tanto no deseño do am-



biente físico, como nas rutinas cotiás e no acceso aos recursos da comunidade. A especialización, pola súa banda, require coñecementos e destrezas para pór en marcha recursos diferenciados, capaces de cubrir necesidades altamente específicas que doutro xeito quedarían desatendidas. Tanto a normalización como a especialización son principios necesarios do traballo en acollemento especializado. Precísase ofrecer dentro da familia acolledora referentes positivos como fontes de apoio aos procesos de aprendizaxe vicario, a fin de favorecer o desenvolvemento nun contexto natural e potenciar os factores de protección fronte aos de risco. Potenciarase, cara á súa normalización e segundo momentos/fases da intervención, a creación de redes sociais que constitúan alternativas referenciais diferentes e externas ao contexto do fogar, proporcionando espazos de vida normalizados e, de ser o caso, apoios sociais personalizados.

- **Transparencia, eficacia e eficiencia.** O acollemento especializado con dedicación exclusiva deberá ser un recurso transparente, cunha metodoloxía deseñada a partir dun proxecto educativo que o contextualice, cunha xustificación e unhas estratexias de afrontamento e abordaxe coherentes. A entidade adxudicataria incorporará sistemas de rexistro das principais actividades e incidencias que se desenvolvan, secuenciando e monitorizando a evolución dos NNA mediante unha avaliación continua.

- **Proporcionalidade e intervención mínima:** as actuacións basearanse no ben superior do NNA e axustaranse ás súas necesidades, polo que as intervencións deberán de someterse aos principios de legalidade, necesidade, proporcionalidade e intervención mínima, buscando a mínima interferencia na súa vida escolar, familiar e social e asegurando así a ausencia de praxes e intervencións especializadas sen unha adecuada fundamentación, así como que estas non excedan o tempo e intensidade que requira cada caso.

- **Igualdade de xénero e non discriminación e a accesibilidade das persoas con discapacidade.**

Q.2. Obxectivos xerais do servizo.

O acollemento familiar especializado pretende dar resposta aos casos en que o recurso de protección proposto é o acollemento familiar e, polas características e limitacións destes NNA, este non pode facerse a través de acollemento ordinario. Trátase dun programa orientado a ampliar os recursos dispoñibles, para que cada vez máis nenos, nenas e adolescentes poidan beneficiarse do acollemento familiar como recurso prioritario ante a separación da familia de orixe. Buscará, ao mesmo tempo, un traballo e relación continuada con esta, sempre que sexa recomendada polo ETM.



Mediante o acollemento destas características trátase de dar resposta, a través de acolledores ou acolledoras especializados/as, a distintas necesidades do NNA:

- **Necesidades básicas:** cobertura de necesidades de alimentación, sono, hixiene, vestido, desprazamentos, aspecto persoal, seguridade, autonomía e preparación para a vida adulta.

- **De saúde:** cobertura médico-sanitaria completa que se realizará preferentemente mediante recursos do Servizo Galego de Saúde. Durante o tempo que dure o acollemento recolleranse os informes médicos necesarios para levar a cabo un seguimento sistemático das persoas atendidas.

- **Educativo-afectivas:** apoio emocional, atención educativa, socializadora e rehabilitadora de experiencias traumáticas sufridas. Realizar un seguimento terapéutico. Garantir, na medida en que o permita o desenvolvemento das súas facultades, que coñeza e entenda os motivos da separación respecto á súa familia e á súa incorporación nunha familia de acollida, facilitando a súa participación activa no proceso de toma de decisións que lle atinxen e realizando unha avaliación da súa adaptación persoal e social. Favorecer a súa integración na familia de acollida en función da súa idade e necesidades.

- **Familiares:** fomentar a conservación da identidade familiar dos NNA acollidos, como elemento básico da súa identidade persoal e do seu axeitado desenvolvemento, independentemente de que o obxectivo da atención sexa a reunificación familiar, a integración noutra familia ou a preparación para a independencia. Inclúe, se é o caso, o acompañamento nas relacións e contactos cos membros da súa familia de orixe e intervención socioeducativa nela.

- **Escolar-laborais:** identificar o nivel académico e das súas dificultades de aprendizaxe; localización de centros de interese, aptitudes e motivacións; facilitar a súa escolarización e a prestación de cantos apoios específicos precise para a mellora continua dos resultados académicos. Establecer relacións con profesionais do ámbito escolar para levar a cabo a axeitada integración e participación nas actividades escolares. Promover a preparación cara a un proceso de autonomía mediante a adquisición de coñecementos e ferramentas para a inserción sociolaboral no caso dos adolescentes.

- **Sociais:** proporcionar atención necesaria para o desenvolvemento do benestar social do NNA. Promover a súa participación en recursos comunitarios de ocio e tempo libre, e a súa socialización en ambientes habituais para os NNA do seu tempo.



- Culturais: a Convención dos Dereitos do Neno, ratificada en España no 1990, recoñece no seu artigo 31 o dereito dos NNA ao descanso, ao espaxamento, ao xogo, ás actividades recreativas, á vida cultural e ás artes.

- Realizar un traballo intensivo de tratamento socioeducativo e afectivo sobre os problemas e conflitos persoais que poidan estar na base das necesidades específicas destes NNA.

- Axudar os/as NNA, de acordo co que dispoña o seu Plan individualizado, a mellorar as súas competencias para afrontar as condicións que foron un obstáculo para crear un contexto familiar de benestar e a constituírse en suxeitos activos no proceso de intervención.

- Apoiar os adolescentes maiores para realizar unha transición á vida adulta axeitada mediante a intervención en habilidades xerais e específicas, o acceso aos recursos sociais, e os apoios sociais, emocionais e comunitarios.

- Favorecer o establecemento de apoios comunitarios a longo prazo e vínculos sociais que se necesiten para facilitar unha integración social axeitada despois da experiencia do acollemento.

Q.3. Poboación atendida polo servizo.

O programa pretende dar unha resposta integral a todos os axentes do proceso de acollemento familiar:

- Os NNA, desde o momento que son propostos para este recurso, ata a súa integración nunha nova situación ou a maioría de idade. Esta atención ten unha dimensión educativa, de apoio persoal e emocional.

- A persoa acollidora e a súa familia que desenvolverán o acollemento e subscribirán coa Administración pública o correspondente documento de acollemento familiar especializado cos dereitos e obrigas que se establezan.

- A familia de orixe dos NNA sempre que a entidade pública o considere oportuno e beneficioso para o NNA.

Q.3.1. NNA beneficiarios/as do acollemento especializado.

Poderán ser beneficiarios/as do acollemento especializado os NNA en situación de desprotección aos que se lles suman dificultades condutuais, especiais problemas de saúde ou outras necesidades específicas.



Considéranse NNA con necesidades especiais aqueles que requiran dunha atención psicoeducativa máis especializada e intensiva, desde un modelo de acompañamento individualizado e en convivencia a tempo completo durante o tempo preciso ata que se cesamento por algunha das causas previstas.

Os NNA separados da súa familia que poden ser orientados a este servizo son:

- Grupos de irmáns. Inclúense os irmáns de NNA que xa estean previamente acollidos neste programa.
- NNA con algún tipo de discapacidade cun grao superior ao 33 % recoñecida polo equipo de Valoración e Orientación (EVO) e/ou problemas de saúde que impliquen dificultades na autonomía persoal ou requiran duns cuidados especializados para a súa axeitada atención.
- NNA que sufriron abuso sexual ou violencia de xénero.
- NNA migrantes non acompañados.
- Adolescentes xestantes e/ou con fillos/as a cargo.
- NNA en acollemento residencial con problemas de conduta, adaptación e/ou emocionais que dificultan o seu acollemento na modalidade ordinaria.
- NNA con trastornos do neurodesenvolvemento que incluírían: discapacidade intelectual, trastornos da comunicación, trastornos por déficit de atención con hiperactividade, trastornos específicos da aprendizaxe, trastornos motores e trastornos do espectro autista.
- Problemáticas físicas que requiran de cuidados moi específicos e unha dedicación especial.

En particular, favorecerase a desinstitucionalización dos NNA que leven máis tempo en centros de acollida residencial.

Será competencia dos correspondentes departamentos territoriais da Consellería de Política Social e Igualdade, a través dos equipos técnicos do menor, a determinación dos NNA que precisen ser atendidos neste programa.



Q.3.1.1. Dereitos dos menores acollidos.

As persoas menores acollidas terán os dereitos recollidos no artigo 21.bis da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor. Ademais, observaranse os seguintes dereitos dos NNA acollidos no seo destas familias:

- Dereito a contar cun proxecto individualizado de protección, elaborado desde a entidade pública e que será desenvolvido e apoiado a través do servizo de acollemento familiar especializado.

- Dereito a unha atención individualizada e personalizada, con respecto pleno ás súas necesidades, e cando resulte posible e axeitado, aos seus desexos, atendendo particularmente a factores culturais e relixiosos.

- Dereito a recibir a educación obrigatoria que lle corresponda, así como á formación educativa e/ou profesional adecuada e efectiva. A escolarización garantirase preferentemente na zona do municipio en que teñan o domicilio.

- Dereito ao carácter eminentemente educativo de cantas medidas se adopten na actuación protectora, que ofrezan un marco de convivencia que favoreza o seu desenvolvemento.

- Dereito a ter asignada unha persoa profesional de referencia no ETM responsable do seu expediente, co obxecto de garantir a coherencia dos itinerarios de atención e a coordinación, a integridade e a continuidade do proceso de intervención e valoración do expediente individual de protección.

- Dereito á asistencia sanitaria en xeral e aos programas individualizados de tipo terapéutico que fomenten a súa rehabilitación en caso necesario.

- Dereito a un trato respectuoso da súa propia dignidade, privacidade, confidencialidade, liberdades relixiosas, ideolóxicas, fomentando os valores de tolerancia, solidariedade e igualdade e demais valores democráticos establecidos polo ordenamento xurídico vixente, e a ser atendido sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

- Dereito a ser informado de cantas medidas se lle vaian aplicar, así como a ter en conta a súa opinión naquelas situacións que lle incumban. A coñecer en todo momento a súa situación legal e familiar.



- Dereito a participar na confección e realización de actividades deportivas, de lecer, laborais-culturais.

- Dereito a comunicarse libremente coa súa familia, sen prexuízo das resolucións xudiciais ou administrativas que poidan establecer as debidas limitacións.

- Dereito a formular peticións e queixas ao fiscal, á entidade pública e á valedora do pobo, referidas á familia acollidora.

- Dereito ao secreto profesional e á confidencialidade.

Q.3.2. Familia de acollida.

Só poderán ofrecerse para o acollemento especializado con dedicación exclusiva as persoas físicas (xa convivan en matrimonio ou parella de feito, cun mínimo de 2 anos de convivencia acreditada ou soas con ou sen fillos/as), que reúnan uns requisitos mínimos:

- De acordo co artigo 20.1 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, algunha das persoas que integra a unidade familiar debe dispor de cualificación, experiencia ou formación específica. Os requisitos para cumprir estes criterios son:

- Cualificación: titulacións relacionadas co ámbito sanitario, socio-comunitario ou socio-educativo.

- Experiencia de polo menos 2 anos como familia acollidora acreditada por un informe emitido por algunha das entidades que desenvolvan programas de acollemento familiar en Galicia, ou por un equipo técnico do menor.

- Formación: aquela que deseñe e poña en práctica a entidade que execute o concerto, de acordo coa oferta presentada. A formación tratará, entre outros, dos seguintes temas:

- Sistema de protección de menores: medidas e recursos para a protección.

- O acollemento familiar: diferenza con outros recursos de protección, motivacións e expectativas dos acolledores.

- Necesidades non atendidas nos NNA en situación de desprotección, consecuencias do maltrato: efectos no sistema de apego, trauma.



- A crianza terapéutica nas familias acolledoras: habilidades e competencias.
- O papel das familias biolóxicas.
- Desenvolvemento evolutivo: características, necesidades e riscos propios de cada etapa.
- Acollemento de NNA con discapacidades: aspectos particulares a ter en conta.
- Acollemento de NNA con problemas de conduta: prevención, detección e abordaxe dos problemas de conduta.
- Acollemento de persoas menores estranxeiros non acompañados: aspectos particulares.
- Educación afectivo-sexual.
- Historia de vida.
- Que dispoñan de vivenda adecuada en aspectos de habitabilidade, hixiene, distribución, número de persoas que conviven nela e posibilidade de acceso aos equipamentos comunitarios. Estar, se é o caso, adaptada a persoas con mobilidade reducida.
- Que as persoas que se ofrezan para o acollemento disfruten dun estado de saúde física e psicolóxica compatible co desenvolvemento de actividades básicas da vida diaria que garantan a adecuada atención ao menor e non prexudique o seu desenvolvemento.
- Que presenten autonomía na toma de decisións, capacidade afectiva, madurez emocional, tolerancia á frustración e habilidades persoais suficientes para exercer adecuadamente as funcións e responsabilidades inherentes á garda.
- Que posúan actitudes e aptitudes, dispoñibilidade, expectativas e motivacións adecuadas sen condicionamentos familiares, morais ou sociais que posibiliten a atención da NNA.
- Que dispoñan de capacidades e habilidades educativas, que teñan en conta criterios de corresponsabilidade necesaria de homes e mulleres no coidado das persoas menores e a necesidade de establecer relacións familiares desde a igualdade.



- Que dispoñan de habilidades persoais para abordar e adaptarse a situacións novas que se poidan producir como consecuencia do acollemento.
- No caso de parellas, que exista vontade compartida de aceptación do acollemento.
- Que as persoas que convivan no domicilio participen das actitudes, aptitudes, habilidades, capacidades, expectativas, motivacións e vontade xeral para o acollemento familiar e manteñan coas persoas acollidas unha relación de convivencia adecuada.
- Que presenten actitudes e dispoñibilidade para comprender e aceptar os feitos diferenciais de ser persoa acolledora e capacidade para facerlle fronte de maneira adecuada.
- Que comprendan e teñan capacidade de entender a dificultade que entraña para a persoa acollida incorporarse a unha nova familia e establecer un vínculo emocional para compensar ou reparar o dano previo.
- Que as persoas que se ofrecen para o acollemento teñan capacidade para asumir o carácter temporal e favorecer o tránsito cara á reintegración ou cara a outra medida de protección.
- Respecto ás diferenzas étnicas, lingüísticas, culturais, sociais, así como aos seus antecedentes persoais e familiares.
- Que exista disposición a favorecer a relación entre o NNA e a familia de orixe cando esta se considere necesaria.
- Que existan apoios externos no contorno.
- Que teñan unha actitude positiva e disposición cara á formación, ao asesoramento e á orientación.
- Reunir as condicións para poder garantir unha dispoñibilidade exclusiva na atención á persoa menor.

Todos os membros da familia convivintes deberán estar de acordo coa iniciativa de acollemento, e deberá contar co consentimento do NNA acollido se ten suficiente madurez e, en todo caso, se é maior de 12 anos.



Q.3.2.2. Dereitos das familias acolledoras.

- Recibir información acerca da natureza e efectos do acollemento, así como preparación previa e formación continua específica en habilidades e competencias necesarias, seguimento e apoio técnico especializado durante e ao final deste. No caso de NNA con discapacidade, os acolledores terán dereito á orientación, acompañamento e apoio adaptados ás peculiaridades do/da neno/a ou adolescente.

- Ser oídos pola entidade pública antes de que esta adopte calquera resolución que afecte o NNA, especialmente antes de modificar ou suspender temporalmente o réxime de visitas ou de relación ou comunicación coa familia de orixe.

- Ser informados do plan individual, así como das medidas de protección relacionadas co acollemento que se adopten respecto ao NNA acollido, das revisións periódicas, e a obter información do expediente de protección do NNA que lle resulte necesaria para o exercicio das súas funcións.

- Recibir unha compensación económica mensual de acordo coa normativa que dite a entidade pública de protección, que será satisfeita pola entidade pública á marxe deste concerto social. Teranse en conta os seguintes criterios:

- Consideraranse gastos derivados do acollemento os gastos diarios de aloxamento, alimentación, vestido, ocio educativo, mobilidade, actividades físicas e deporte e asistencia médica, así como os destinados á educación e instrución das persoas acollidas.

- Entenderanse por gastos extraordinarios aqueles tratamentos especiais dos NNA que sexan basicamente necesarios para o seu desenvolvemento integral e que non estean incluídos na cobertura do sistema sanitario público, en ningún dos programas específicos de atención xestionados polo sistema de protección de menores, nin poidan ser cubertos por outras vías normalizadas (subvencións, servizos públicos ou de asistencia gratuíta, etc.). A título orientativo, e en todo caso atendendo ás circulares e instrucións internas do órgano competente en materia de protección á infancia e á adolescencia, enténdense incluídos os gastos debidamente xustificadas de asistencia médica cualificados, os tratamentos odontolóxicos ou de ortodoncia, médicos de calquera especialidade, psicolóxicos, logopédicos ou pedagóxicos, así como o uso de próteses e a realización de probas diagnósticas que non estean cubertas total ou parcialmente pola rede sanitaria pública, cuxa contía sexa



igual ou superior á cantidade que para tal efecto determine a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

– As compensacións económicas aos acolletores/as serán compatibles coas axudas ou subvencións públicas ou privadas que poidan concederse para atender os gastos de comedor escolar, asistencia médica, realización de actividades formativas, para a adquisición de material escolar e libros de texto do NNA e con calquera outra axuda destinada ás familias para o mantemento das persoas menores de idade ao seu cargo que non teña por obxecto exclusivamente as persoas menores de idade en acollemento familiar.

- Solicitar o cesamento do recurso de acollemento especializado en dedicación exclusiva.

- En todo caso, aos mesmos dereitos que a Administración pública recoñece ao resto de unidades familiares.

- Aqueles recollidos no artigo 20 bis da Lei orgánica 1/1996 e non estean mencionados nos puntos anteriores.

Q.3.2.3. Obrigas das familias acolledoras.

- Velar polo benestar e interese superior do NNA, telo na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha formación integral nun contorno afectivo. No caso de NNA con discapacidade, deberá continuar prestando os apoios especializados que estivese recibindo ou adoptar outros máis axeitados ás súas necesidades.

- Oír o NNA sempre antes de tomar decisións que o afecten, se ten suficiente madurez, e en todo caso, se e maior de 12 anos, sen exclusión ningunha por discapacidade e a transmitir á entidade pública as peticións que este poida realizar dentro da súa madurez.

- Asegurar a plena participación do NNA na vida de familia.

- Informar a entidade pública de calquera feito de transcendencia en relación co NNA.

- Respetar e facilitar as relacións coa familia de orixe NNA, na medida das posibilidades dos/das acolletores/as especializados/as, no marco do réxime de visitas establecido a favor daquela e a reintegración familiar, se é o caso.



- Colaborar activamente coa entidade pública no desenvolvemento da intervención individualizada co NNA e seguimento da medida, observando as súas indicacións e orientacións, así como as do equipo técnico da entidade adxudicataria.
- Respetar a confidencialidade de datos relativos aos antecedentes persoais e familiares do NNA.
- Comunicar á entidade pública calquera cambio na situación familiar relativo aos datos e circunstancias que se tomaron en consideración como base para o acollemento.
- Garantir o dereito á intimidade e á identidade dos NNA acollidos e o respecto á súa propia imaxe, así como velar polo cumprimento dos seus dereitos fundamentais.
- Participar nas accións formativas que se propoñan.
- Colaborar no tránsito da medida de protección do NNA á reintegración ao seu contorno de orixe, a adopción, a outra modalidade de acollemento, ou ao contorno que se estableza tras a adopción dunha medida de protección máis estable.
- Os/as acolletores/as familiares terán as mesmas obrigas respecto do NNA acollido que aqueles que a lei establece para os titulares da patria potestade.

Q.3.3. Familia de orixe:

Seguindo as indicacións do equipo técnico do menor que leve o caso e sempre que exista un pronóstico de regreso coa familia ou haxa un núcleo familiar co que poida manter contacto o NNA, débese incluír no Plan individualizado de protección o obxectivo de apoio e traballo con estas familias.

A finalidade principal consiste en que desenvolvan habilidades para manexar os conflitos que deron lugar á situación de desamparo da NNA e mellorar a relación, especialmente se van convivir xuntos no futuro. A entidade adxudicataria ofertará actividades de capacitación parental e estas non suporán, en ningún caso, duplicidade con outras intervencións que se poidan realizar desde outros organismos públicos; para iso requirirase dunha boa rede de coordinación tanto co ETM como cos demais organismos (servizos sociais comunitarios, tecido asociativo...).

A entidade colaboradora presentará un informe trimestral sobre o traballo realizado, así como os avances/retrocesos que se puidesen observar na unidade familiar.



Q.4. Contidos do servizo de acollemento familiar especializado.

O programa de acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva, a través dun traballo conxunto, colaborador e coordinado coa entidade pública e calquera outra administración implicada, organizarase a través das seguintes fases ou procesos:

- Captación e selección de persoas acolledoras que cumpran cos requisitos previos para participar no programa co fin de crear un banco de familias acolledoras especializadas con dedicación exclusiva unha vez que cada unha destas fose finalmente valorada positivamente polos ETM da entidade pública.

- Formación e valoración previa das persoas e das súas respectivas unidades familiares, para determinar a súa adecuación para o acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva, emitindo un informe de valoración ante a entidade pública para que esta resolva, logo de valoración e proposta sobre a súa adecuación.

- Preparación da familia e do NNA seguindo as indicacións dos ETM e o proceso de transición previo ao acollemento.

- Seguimento e intervención estable ao longo de todo o proceso de acollemento, incluíndo tanto a intervención individualizada en cada caso como a formación continua grupal, así como a dispoñibilidade para responder ante situacións de urxencia.

- Apoio técnico de preparación e apoio nas visitas do NNA coa familia de orixe.

- Proxecto de traballo coa familia de orixe mediante actividades de capacitación parental, seguindo as indicacións do ETM, co obxecto de acadar a reunificación familiar. Os ETM realizarán un seguimento e avaliación final da familia co fin de valorar os cambios/melloras producidos no seo desta tras as actividades de capacitación levadas a cabo polo equipo técnico da entidade adxudicataria.

- Colaboración, a partir do Plan individualizado de protección realizado polo ETM, no cesamento do acollemento e na preparación do NNA para a súa nova situación.

Q.4.1. Captación, selección, formación e acompañamento das persoas acolledoras familiares especializadas:

Realizarán as seguintes actuacións:

- Captación dos/das acolledores/as familiares especializados/as: accións continuadas de publicidade do programa e captación de persoas interesadas en participar nel. Actua-



lización da páxina web da entidade en relación co programa de acollementos familiares especializados, campañas e participación en xornadas que poida organizar a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

- Formación dos/das acolledores/as familiares especializados/as: deseño e realización dunha formación inicial para as persoas candidatas ao acollemento familiar especializado.

- A valoración/selección das familias acolledoras especializadas será realizada polo persoal técnico que desenvolve o programa. Esa valoración será ratificada coa declaración de adecuación polo departamento territorial, coa proposta do ETM e posterior resolución do departamento territorial. A valoración deberá levarse a cabo nun prazo máximo de tres meses desde a entrega completa da documentación para o ofrecemento e afectará todos os membros da unidade familiar que convivan coa/s persoa/s que se ofrecen para o acollemento familiar especializado.

- Realización dun seguimento periódico das familias pertencentes ao programa en espera de acoller, co obxecto de verificar a súa permanencia nel e a súa situación persoal, socioeconómica e familiar.

- Acompañamento individual e grupal: realización de grupos de reflexión e análise, destinados a compartir de forma confidencial as experiencias dos/das acolledores/as especializados/as, afrontar as dificultades que se presenten e reflexionar sobre a propia práctica.

Q.4.2. Apoio técnico aos NNA:

O acollemento familiar intégrase nun proxecto global de protección á persoa menor de idade, que comprende tamén intervencións psicolóxicas e socioeducativas co/coa neno/a ou adolescente e coa súa familia de orixe. Esta intervención vén determinada no Plan individualizado de protección elaborado no departamento territorial correspondente.

a) Serán funcións da familia acolledora:

- Informar a entidade en relación coa evolución do acollemento familiar. Observar a evolución da globalidade do caso en relación co acollemento familiar nos seus diferentes aspectos en función do que teña relación directa co neno (situación persoal, familiar, social) e non exclusivamente do NNA atendido, co obxectivo de formular a intervención máis axeitada ás súas necesidades. Deberá ser sistemática e supervisada polos profesionais do ETM do departamento territorial a que pertenza o caso concreto.



– Participar en reunións: promoverase que os/as acolletores/as asistan ás reunións de acompañamento (grupos de reflexión e análise e reunións de servizo), así como participar cando sexan convocados para comentar os posibles cambios/revisión do Plan individualizado de protección ou de coordinación con outros profesionais que interveñen coa persoa menor de idade e outros membros da súa familia.

– Participar no acompañamento á persoa menor de idade no réxime de visitas e contactos con membros da súa familia de orixe e outras persoas significativas.

b) Serán funcións do persoal de apoio técnico ao programa:

– Verificación das actuacións dos acolletores, cambios que poidan darse na unidade acollidora e recursos en que participa o NNA e a familia de orixe.

– Participar na preparación e condución dos grupos de reflexión e análise.

– Atención a crises e urxencias: situacións puntuais de convivencia difícil, crises nas parellas sobrevidas polo estrés e outras situacións, sempre que o soliciten as familias acolledoras.

Q.4.3. Programa de apoio técnico ás familias de orixe.

Promoverase o traballo coas familias de orixe sempre que o prevexa o ETM no Plan individual de intervención, a través de tres accións:

- Apoio técnico ás visitas e contactos dos NNA coas familias de orixe para aumentar a súa calidade. Realizarase unha preparación previa ás visitas, un apoio profesional nelas e unha posterior valoración. O obxectivo é unha mellora das capacidades parentais da familia e aumentar a súa independencia e calidade nas visitas.

- Apoio técnico especializado para a mellora das habilidades parentais e as dificultades sociais e psicolóxicas das familias de orixe. Esta intervención será individualizada e nela intervirán os profesionais necesarios dependendo das dificultades detectadas.

- Obradoiros de promoción da parentalidade positiva: establecer unha serie de sesións dirixidas ás familias de orixe que o ETM considere como posibles candidatas para a reintegración familiar do NNA nelas. Entre os contidos que aborda destacarían: desenvolvemento evolutivo e estilos educativos, novas masculinidades, promoción da resiliencia no contexto familiar, afrontamento e resolución de conflitos, autorregulación emocional e control da



impulsividade, comunicación interpersonal e resolución pacífica de puntos de vista diverxentes, coparentalidade para familias en situacións de separación ou divorcio, actualización de competencias parentais para avós/avoas, recoñecemento de valores e logros individuais e grupais, persoas mozas e diversidade funcional, persoas mozas e saúde mental.

Q.4.4. Xestión, coordinación e avaliación:

Entre as funcións asignadas á entidade que desenvolva o concerto social están:

- Dirixir o equipo de acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva. Programar e coordinar as reunións do servizo, cunha orde do día determinada, destinadas a tratar sobre o funcionamento do servizo.

- Diseñar, planificar e executar as actividades do servizo e outras que sexan necesarias para o seu bo desenvolvemento.

- Responsabilizarse da xestión administrativa dos expedientes.

- Realizar seguimento das familias acolledoras especializadas.

- Coordinación e interlocución cos departamentos territoriais correspondentes da Xunta de Galicia e outras institucións relacionadas cos NNA cos que se estea a intervir.

- Realizar unha avaliación anual do servizo e elaborar a memoria correspondente, tanto económica como técnica. A memoria técnica anual, ademais dos datos contidos nas memorias trimestrais referidos ao ano en cuestión, conterá os seguintes datos:

- Actividades de difusión desenvoltas.

- Número de familias que solicitan información, desagregadas por provincias e polos medios a través dos cales as familias contactan coa entidade.

- Número de familias que asisten a sesións informativas, por provincias.

- Número de sesións informativas desenvoltas, por provincia.

- Número de familias valoradas, por provincia. Número de familias valoradas positiva e negativamente.



- Número de familias participantes nas actividades formativas iniciais, por provincia.
- Número de actividades de formación inicial desenvoltas, por provincia.
- Actividades de formación continua desenvoltas, por provincia.
- Número de familias asistentes ás actividades de formación continua, por provincia.
- Número de familias que causan baixa do programa, desagregadas por causas da baixa e provincias.
- Número de acollementos vixentes ao finalizar o ano e número de NNA acollidos.
- Tipo de ofrecemento que realizan as familias valoradas positivamente:
 - * Número de ofrecementos por idades dos NNA.
 - * Número de ofrecementos por cantidade de menores dispostos a acoller.
 - * Número de familias que asumirían acollementos de NNA con diversidade funcional.
 - * Número de familias que asumirían acollementos de NNA con enfermidade crónica.
 - * Número de familias que asumirían acollementos de NNA con trastornos de conduta/emocionais.
 - * Número de familias que asumirían acollementos de NNA con necesidades educativas especiais.
- Número de NNA que finalizaron o acollemento durante o ano, desagregado por motivos do cesamento (adopción, reintegración familiar, maioría de idade, dificultades de convivencia, cambio de programa, ...).
- Duración dos acollementos actuais. Número de acollementos desagregados polo ano de inicio do acollemento.
- Perfil dos NNA en situación de espera, desagregados por:
 - * Idades.



* Número de grupo de irmáns.

* Diversidade funcional.

* Enfermidade crónica.

* Trastornos de conduta/emocionais.

* Necesidades educativas especiais.

– Valoración do programa e propostas de mellora.

• A entidade adxudicataria deberá comunicar, con antelación e por escrito, ao Servizo de Protección de Menores dependente da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, calquera proxecto de publicación, celebración de xornadas, congresos ou outro tipo de actuación de transcendencia exterior, que deberá, así mesmo, contar coa súa conformidade antes de levarse a cabo.

• Nas súas intervencións, a entidade adxudicataria, terá en conta os seguintes aspectos:

– Normalización: os obxectivos da intervención deben favorecer a incorporación ou acceso do NNA aos recursos normalizados da comunidade e a adquisición dunha maior autonomía e participación na vida da comunidade.

– Pedagogía da vida cotiá: a vida diaria en familia é o espazo fundamental onde se desenvolve a acción social e educativa, polo que se deben planificar e estruturar as situacións co fin de que se convertan en experiencias educativas con valor pedagóxico e significativo para a persoa menor.

– Perspectiva de xénero: na intervención terase en conta o xénero no proceso de conformación da identidade, que permita recoñecer os factores de risco e protección asociados a esta variable e a considere como factor de desenvolvemento e integración social.

– Potenciación: teranse en conta as necesidades e as carencias dos NNA co obxecto de fomentar a súa autonomía e madurez persoal e superar os seus déficits formativos, culturais e de habilidades persoais e sociais, pero tamén se deberá aproveitar e potenciar as súas fortalezas, as súas competencias e os seus puntos fortes. As actividades, rutinas e ritmos da familia acolledora brindarán oportunidades para adquirir pautas de autonomía e desenvolvemento, tanto polo impulso de novas aprendizaxes e experiencias como polo



traballo específico para recuperar carencias e déficits que poidan ser un obstáculo para un axeitado desenvolvemento.

– Integración: o NNA será considerado de forma integrada para lograr o arraigo e inclusión na súa realidade social.

– Participación e responsabilidade: a participación de cada NNA no seu proceso de maduración e desenvolvemento é fundamental. Os NNA serán escoitados, tendo en conta o seu nivel madurativo, sobre as decisións que os afecten. Cando a idade e a madurez o permita, participarán activamente na elaboración e avaliación do seu proxecto socioeducativo individualizado. Tamén se fomentará a participación na vida diaria da familia poñendo en valor a responsabilidade que aquela leva consigo.

– Traballo en rede e coherencia: a entidade adxudicataria reunirse e atenderá as directrices do ETM que é o responsable do caso. Así mesmo, coñecerá as intervencións que co/coa NNA ou coa familia de orixe (de ser o caso) se estean levando a cabo co obxectivo último de ter unha mirada coherente e unificada. É necesario que tanto a entidade adxudicataria como os acolledores especializados manteñan unha coherencia coas directrices e criterios de actuación do ETM.

Q.5. Medios para a prestación do servizo.

Q.5.1. Locais e equipamento:

A entidade adxudicataria proporcionará a totalidade dos medios e materiais necesarios para facilitar unha atención adaptada ás condicións do servizo, entre os que se atopan o/ os local/locais, material informático, telefónico.. adecuados para o desenvolvemento das súas funcións.

Q.5.2. Desprazamentos e axudas de custo:

Todos os gastos derivados de desprazamentos e axudas de custo serán por conta da entidade adxudicataria.

Q.5.3. Marco de actuación:

A entidade adxudicataria deberá garantir o cumprimento dos procedementos establecidos pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a normativa que afecte o servizo.



Q.5.4. Medios humanos:

Os medios persoais necesarios para o funcionamento do servizo serán de contribución da entidade adjudicataria, que deberá poñer á disposición do servizo o persoal necesario e coa adecuada preparación técnica para a atención dos NNA, familias acolledoras especializadas e familias de orixe que son obxecto deste concerto.

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá, en calquera momento, comprobar o cumprimento das ratios de persoal da entidade vinculada ao contrato, mediante o requirimento dos documentos TC2-Relación nominal de traballadores, ou ben mediante a comprobación *in situ* a través dos seus servizos de inspección.

A entidade adjudicataria deberá atender debidamente as necesarias substitucións de persoal do equipo técnico en caso de baixa, vacacións, licenzas, etc.

O persoal que forme parte do equipo técnico, así como os/as acolledores/as especializados/as, deberán achegar, de acordo co artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos.

O equipo técnico interprofesional estará constituído por:

A. Coordinador/a: será o/a encargado/a de coordinar o equipo de traballadores/as e o/a interlocutor/a coas administracións públicas. Intervirá tamén coas familias e menores.

As súas funcións, entre outras, serán:

- Cumprir as instrucións, directrices e resolucións que a entidade pública dite ao respecto.
- Dirixir e coordinar os servizos prestados pola entidade e supervisar as tarefas do persoal vinculado ao servizo de xeito que se garanta a interdisciplinabilidade e a calidade da intervención.
- Planificar e supervisar a intervención educativa.
- Controlar que as instalacións e materiais sexan os precisos e que estean en bo estado para o desenvolvemento da actividade.



- Asegurar o cumprimento da normativa vixente, das directrices e instrucións dos departamentos territoriais da Consellería de Política Social e Igualdade e da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, así como das normas de funcionamento interno do servizo.
- Velar polo cumprimento dos dereitos das persoas usuarias e dos seus proxectos educativos individuais.
- Informar os NNA e as súas familias, se é o caso, de forma comprensible e axeitada á súa idade e circunstancias, acerca do funcionamento do acollemento especializado con dedicación exclusiva e dos seus dereitos e obrigas.
- Garantir o adecuado tratamento das queixas, reclamacións ou suxestións de mellora formuladas polas persoas usuarias do servizo.
- Xestionar adecuadamente, en representación da empresa/entidade titular da prestación do servizo, tanto os recursos económicos como os de persoal, co fin de proporcionar unha axeitada atención aos NNA e ás familias.
- Establecer e manter canles de colaboración con outras entidades e organismos, perseguindo a optimización de recursos da contorna e a calidade da intervención.
- Establecer a necesaria coordinación co equipo técnico do menor e, se é o caso, cos equipos e profesionais que xestionen outros programas en que estea incluída a persoa menor, para garantir a mellora da eficacia da intervención.
- Garantir a axeitada elaboración de toda a documentación pertinente e a súa remisión aos responsables dos distintos departamentos competentes na área de menores da Xunta de Galicia.
- Asistir ás reunións, entrevistas ou actos procesuais a que sexa convocado/a.
- Asegurar a custodia e arquivamento de toda a documentación relativa ás persoas menores en condicións de seguridade, así como a súa destrución, cando proceda, en idénticas condicións.
- Velar polo cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas



físicas en que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e demais disposicións vixentes sobre a materia.

- Elaborar avaliacións periódicas do funcionamento do servizo.
- Calquera outra que veña establecida na normativa aplicable.

B. Área administrativa: 1 profesional da familia profesional de administración e xestión, mínimo grao medio de xestión administrativa. Realizará funcións de apoio administrativo no ámbito laboral, contable e fiscal, xestión e arquivamento de documentación. Calquera outra encomendada á entidade para o bo funcionamento do programa no ámbito das funcións descritas.

C. Equipo técnico interdisciplinar que interviría como supervisores de casos: serán os encargados de deseñar e supervisar as intervencións en cada caso segundo o Plan individualizado marcado polo ETM. As súas serán funcións de apoio técnico e supervisión das actuacións como referentes do caso na entidade. Estará constituído por 1 psicólogo/a, 1 educador social e un pedagogo.

O equipo técnico interdisciplinar será o encargado de realizar intervencións individuais, grupais e terapéuticas que perseguen:

- Coordinación co ETM do departamento territorial a que corresponda o caso do/da NNA co que se vaia pór en marcha o acollemento especializado.
- Apoiar e orientar ao longo de todo o acollemento.
- Ofrecer seguimento continuado da evolución do acollemento familiar.
- Axudar nos procesos de vinculación e desvinculación.
- Axudar a facer fronte ás complicacións.
- Ofrecer orientacións sobre habilidades de coidado e comprensión do significado dos comportamentos.
- Por en marcha actividades de capacitación parental coa familia de orixe naqueles casos en que os ETM responsables do caso o consideren pertinente.



- Preparar o proceso de maioría de idade e/ou finalización do acollemento familiar.

Intervir coa familia de orixe, sempre baixo as indicacións do ETM, facilitando:

- Apoio emocional.
- Capacidades e habilidades parentais.
- Apoio familiar e social.
- Apoio instrumental.
- Apoio psicolóxico.

Q.6. Relacións entre a Administración e a entidade adxudicataria.

Estableceranse accións de coordinación a varios niveis:

- Entre os equipos interdisciplinares da entidade adxudicataria e os ETM do departamento territorial a que corresponda o caso, co obxecto de que este último valore todas as familias preseleccionadas pola entidade antes de pasar ao banco de familias acolledoras especializadas, supervise a proposta das familias tras o informe emitido pola entidade adxudicataria, entreviste e emita un documento sobre a familia proposta pola entidade tras coñecela e entrevístala, delimite pautas, supervise os casos, realice consultas, contraste informes, realice accións conxuntas ante as institucións ou usuarios/as.

- O ETM do departamento territorial a que corresponda o caso coordinarase coa entidade adxudicataria para a planificación e avaliación dos acollementos familiares especializados.

- Para o fomento da relación entre a familia acolledora especializada e a de orixe atenderase á consideración final do persoal responsable do caso na entidade pública e procurarse sempre que ditas relacións sexan cordiais sen recaer en informalidades.

- Coa xefatura de servizo dos departamentos territoriais correspondentes a cada caso.

- Co Servizo de Protección de Menores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, como unidade competente para realizar o seguimento e a avaliación deste programa.



Ademais, a entidade adxudicataria comprométese a estar á disposición da Administración contratante para cantas reunións haxa que manter como consecuencia da realización deste proxecto.

Durante o período de execución do contrato, deberán presentarse ante a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica os seguintes documentos relativos aos casos atendidos:

- Informe de valoración da adecuación: un informe por cada ofrecemento valorado que se emitirá no prazo de 3 meses.

- Informes de emparellamento, acoplamento.

- Informes de seguimento e finalización, segundo o anexo IV.

- Propostas de continuidade ou finalización das intervencións ou, de ser o caso, o cesamento do recurso de acollemento especializado, que presentará ao departamento territorial que corresponda para a súa toma en consideración.

- Informes especiais: ademais destes documentos, deberán realizarse cantos informes sexan requiridos polos equipos do departamento de Política Social e, en especial, aqueles que deban dar conta de incidencias importantes na situación das persoas menores de idade, das súas familias de acollemento especializado, das actividades de capacitación parental realizadas ou as xestións levadas a cabo para a abordaxe dunha situación determinada.

R) Subrogación.

O persoal susceptible de subrogación, así como a información precisa para coñecer unha exacta avaliación dos custos laborais que implicará esta medida, imposta pola normativa laboral, exprésanse no anexo IX (datos sobre o persoal que se subrogará).

De acordo co establecido no artigo 34 do V Convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores, será persoal susceptible de subrogación aquel cunha antigüidade mínima de catro meses na data da adxudicación do concerto. En consecuencia, esta relación é susceptible de sufrir modificacións, que se publicarán en canto se teña coñecemento.



S) Aspectos relativos á execución do concerto social.

S.1. Dereitos e obrigas das partes.

S.1.1. Obrigas da entidade concertada.

A entidade concertada está obrigada a:

a) Organizar e prestar o servizo con estrita suxeición ao réxime xurídico de aplicación, de acordo coas características establecidas nesta resolución e no prego técnico do concerto e coa continuidade e calidade convida.

b) Admitir na utilización do servizo toda persoa usuaria remitida pola Administración concertante e garantir a súa prestación nas condicións que foron establecidas, de acordo cos principios de igualdade e non discriminación.

c) Prestar ás persoas usuarias de forma gratuíta os servizos establecidos no concerto social.

d) Respetar os dereitos das persoas usuarias recollidos no ordenamento xurídico e no réxime xurídico do servizo.

e) Indemnizar polos danos que se causen a terceiras persoas como consecuencia das operacións que requiran o desenvolvemento do concerto social, excepto cando o dano se produza por causas imputables á Administración. Para estes efectos, a entidade estará obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade civil para cubrir as continxencias que se poidan producir pola prestación do servizo, segundo se indica na cláusula F e K.3.

f) Manter o servizo público conforme o que, en cada momento e segundo o progreso da ciencia, dispoña a normativa técnica, ambiental, de accesibilidade e eliminación de barreiras e de seguridade das persoas usuarias que resulte de aplicación.

g) Dar a coñecer a condición de entidade concertada mediante a difusión na documentación e publicidade das actuacións obxecto deste concerto social. A entidade concertada deberá incorporar en todo o material e documentación xerada polo programa o logotipo da identificación corporativa da Xunta de Galicia e Consellería de Política Social e Igualdade. A entidade disporá tamén dun rótulo, no lugar ou centro onde se presten os servizos, en que se identifique que o servizo está concertado coa Xunta de Galicia co seu respectivo logotipo.



h) Comunicar á Administración calquera cambio ou variación que se produza na prestación dos servizos, en especial os relacionados co lugar en que se presten e os recursos humanos empregados.

i) Facilitar os labores de control e inspección do cumprimento do concerto social, en particular, poñendo á disposición da Administración toda a información económica, fiscal, laboral, técnica e asistencial ou de calquera outra clase que sexa precisa para este fin, con suxeición á lexislación en materia de protección de datos e á restante normativa aplicable.

j) Someterse ás actuacións de control financeiro que correspondan aos órganos competentes da Administración en relación cos fondos públicos achegados para o financiamento dos concertos sociais.

k) Comunicar á Administración concertante calquera subvención, axuda ou achega privada recibida relacionada coa prestación dos servizos recollidos nos concertos sociais.

l) Subministrar á Administración, logo de requirimento, toda aquela outra información necesaria para que esta cumpra as obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

m) Cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social, de seguridade e saúde laboral e igualdade de xénero. Ademais, deberá proporcionarles aos seus traballadores e traballadoras un traballo de calidade e estable, protexelos fronte aos accidentes e riscos laborais e promover condicións de conciliación familiar e laboral e de igualdade de xénero.

n) Cumprir as disposicións vixentes en materia fiscal, de integración social de persoas con discapacidade, de prevención de riscos laborais e de protección do ambiente que estableza a normativa vixente, os convenios colectivos que sexan de aplicación e as recollidas nesta convocatoria.

o) Cumprir o establecido na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, en particular o establecido en relación coa comprobación de antecedentes de delitos sexuais e trata de seres humanos na Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia.

p) O persoal asignado á prestación do concerto social dependerá exclusivamente da entidade concertada, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de



empregador respecto del, sendo a Administración concertante de todo allea ás referidas relacións laborais. En ningún caso poderá alegar ningún dereito ao referido persoal en relación coa Administración concertante, nin exixirse a esta responsabilidades de calquera clase como consecuencia das obrigas existentes entre a entidade concertada e os seus empregados.

q) A entidade concertada facilitará que as persoas usuarias poidan formular suxestións e queixas sobre a prestación do servizo concertado, que se poderán presentar ante a Administración ou ben ante a propia entidade concertada. Para estes efectos, existirá un libro de reclamacións en que as persoas usuarias e quen as represente legalmente poderán facer constar as queixas que coiden pertinentes. A entidade concertada deberá remitir as suxestións e queixas recibidas á Administración.

r) Designar unha persoa responsable da execución do concerto, con competencia profesional e capacidade suficiente para representar a entidade en todo e canto afecte a dita execución e que será a interlocutora coa Administración.

s) Xustificar ante a Consellería de Política Social e Igualdade o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade obxecto do concerto.

t) Garantir a plena dispoñibilidade en todo momento de medios materiais e persoais ofertados en cada período para a prestación do servizo.

u) Unha vez adxudicado o concerto, tamén deberá constar, no momento da formalización, a declaración de ausencia de conflito de interese asinada polo contratista e con posterioridade e, de ser o caso, polos subcontratistas.

v) Calquera outra prevista na normativa que, con carácter xeral ou específico, sexa de aplicación, no réxime xurídico do servizo.

w) Facilitar á Administración toda a información e documentación exixida pola vixente circular de acollemento familiar, con suxeición á lexislación en materia de protección de datos e á restante normativa aplicable.

x) Manter rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas coa operación, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados con fondos do programa FSE+ Galicia 2021-2027.



y) Conservar todos os documentos xustificativos relacionados coa operación que reciba axuda do FSE+ durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que a autoridade de xestión do programa FSE+ Galicia 2021-2027 efectúe o último pagamento ao beneficiario do fondo, nos termos establecidos no artigo 82 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

z) Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Política Social e Igualdade; ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión ou seguimento do programa FSE+ Galicia 2021-2027, nos termos establecidos no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, que incorporarán as correspondentes visitas sobre o terreo; ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma; ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello, do Contas; ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

aa) Cumprir coas medidas de visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021. En particular, de conformidade cos artigos 47 e 50 do devandito regulamento, nos espazos en que se desenvolvan as actuacións contarán co emblema da Unión Europea xunto coa declaración «Cofinanciado pola Unión Europea». Igualmente, nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a operación nun lugar ben visible para o público. Tamén se fará unha breve descrición da actuación na páxina web e nas contas nos medios sociais, no caso de dispoñer delas, mencionando os obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión Europea. Ademais, en todos os documentos e materiais de comunicación relacionados coa execución da actuación, destinados ao público ou ás persoas participantes, proporcionarase unha declaración que saliente a axuda da Unión Europea de xeito visible.

bb) A entidade concertada realizará as actuacións precisas para recoller a información suficiente relativa ao desenvolvemento da prestación que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de resultado previstos no artigo 23 do Regulamento (UE) 2021/1057.

Para estes efectos, facilitarase á entidade concertada o acceso á aplicación Participa2127 (<https://participa2127.conselleriadefacenda.gal/participa2127>) e aos oportunos cuestionarios, que terán que respectar o principio de integridade dos datos. Para dar cumprimento



a estes requisitos de información, a entidade concertada deberá introducir os datos dos indicadores de resultado das persoas usuarias na devandita aplicación informática.

S.1.2. Obrigas da Administración concertante.

S.1.2.1. A Consellería de Política Social e Igualdade está obrigada a aboar á entidade concertada o prezo estipulado dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos servizos prestados, de acordo coa forma de pagamento recollida neste mesmo punto da convocatoria do concerto.

S.1.2.2. A Consellería de Política Social e Igualdade deberá ter informada a entidade concertada de calquera circunstancia da que teña coñecemento e que afecte de xeito relevante o concerto social formalizado, especialmente nos casos en que esta poida ter incidencia na futura configuración dos termos e condicións do concerto.

S.1.3. Incumprimento das obrigas por parte da entidade concertada.

O incumprimento das obrigas por parte da entidade concertada será sancionado de acordo co disposto no título IX da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

S.1.4. Incumprimento das obrigas por parte da Administración.

Se a Consellería de Política Social e Igualdade se demora no pagamento e incumpre o prazo de 30 días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos servizos prestados, deberá aboar á entidade concertada, a partir do cumprimento do dito prazo, os xuros de demora e a indemnización por custos de cobramento, nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

S.2. Constitución de garantía.

A entidade adjudicataria ten que constituír unha garantía de 141.114,40 € euros e debe depositarse ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia (na sede de Santiago de Compostela da Consellería de Facenda e Administración pública ou nas delegacións provinciais da Axencia tributaria de Galicia-Atriga).



S.2.1. A garantía poderá prestarse nalgunha ou algunhas das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores, que en todo caso serán de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta resolución. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións de Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, sen prexuízo do disposto para os contratos que se celebren no estranxeiro.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta resolución, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta resolución establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

S.2.2. A acreditación da constitución da garantía definitiva deberá realizarse mediante medios electrónicos.

S.2.3. Cumpridas polo concertante as obrigacións derivadas do concerto, se non resultasen responsabilidades que se deban exercer sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía dun ano, se for o caso, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela, logo de informe favorable do responsable do concerto ou de quen exerza a dirección deste.

S.3. Réxime de pagamentos.

S.3.1. O pagamento do prezo que corresponda a cada mes logo de aplicar os importes establecidos na cláusula D.3 desta convocatoria realizarase logo da conformidade do Servizo de Protección de Menores.



S.3.2. Para o aboamento do servizo a entidade adxudicataria presentará, dentro dos cinco días seguintes ao mes en que se realizou efectivamente a prestación, os seguintes documentos:

– Factura pola prestación do servizo. As facturas electrónicas emitidas presentaranse no Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia (SEF). O SEF proporcionará ao presentador un xustificante de recepción electrónica no cal constarán, como mínimo, a data e a hora de presentación, o órgano xestor destinatario e o número de asento rexistral da factura. Así mesmo, incluírá un código seguro de verificación que permitirá en calquera momento validar ante o sistema a exactitude do documento.

O Rexistro Contable de Facturas está integrado co SEF. A anotación no rexistro contable de facturas é requisito previo necesario para a tramitación do recoñecemento da obriga.

A información sobre este será a través das seguintes URL: <http://conselleriadefacenda.es/factura> ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon>

– Relación detallada dos NNA acollidos e das familias que as acollen. Asinada pola persoa responsable do servizo, segundo modelo establecido no anexo VI.

– Certificado da entidade onde conste o persoal adscrito á execución deste servizo, segundo o modelo establecido no anexo VII. Ordenado por grupo profesional e posto de traballo, especificando nome e apelidos, número de afiliación á Seguridade Social, tipo de contrato, titulación e dedicación horaria. No caso de que a relación de persoal non sufra variacións respecto do período anterior, estes documentos poderán substituírse por unha declaración en tal sentido.

– Outros xustificantes e documentación complementaria dos gastos que supoñan un aumento no tramo variable, nos supostos e nas condicións establecidas nas instrucións desta dirección xeral.

– Trimestralmente remitirase unha memoria xustificativa, segundo o modelo establecido no anexo VIII (memoria xustificativa trimestral).

S.3.3. Sen prexuízo das competencias de inspección en materia de servizos sociais da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, a entidade concertada estará sometida ás actuacións de control e vixilancia que leve a cabo a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para a debida xustificación dos fondos e do cumprimento dos fins do programa do presente concerto, así como as de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ás previstas na legisla-



ción do Tribunal de Contas e do Consello, do Contas, coa finalidade de asegurar o correcto cumprimento do concerto social suscrito.

S.3.4. A percepción indebida de cantidades por parte da entidade concertada comportará a obriga de reintegralas á Administración. Cando o reintegro se efectúe por requirimento da Administración, daráselle audiencia á entidade e seguirase o procedemento que corresponda, sen prexuízo das posibles sancións e resolución do concerto social.

S.3.5. As entidades concertadas que teñan dereitos de cobramento fronte á Administración poderán cedelos conforme dereito. Para a cesión dos dereitos de cobramento seguirase o mesmo procedemento e exixiranse os mesmos requisitos que os recollidos no artigo 200 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

S.4. Limitacións á subcontratación e cesión de servizos concertados.

S.4.1. Queda prohibida a subcontratación das prestacións obxecto deste concerto.

S.4.2. Queda prohibida a cesión, total ou parcial, dos servizos obxecto deste concerto, excepto cando a entidade concertada sexa declarada en concurso de acredores e non quede garantida a continuidade da atención das persoas usuarias, con autorización expresa e previa da Consellería de Política Social e Igualdade, que adoptará as medidas precisas para garantir a continuidade e calidade do servizo.

S.5. Sucesión da entidade concertada.

S.5.1. O cambio da titularidade do servizo concertado, xa sexa por sucesión da entidade concertada ou pola cesión do concerto formalizado, terá a consideración de modificación do concerto social.

S.5.2. Poderase producir a sucesión da entidade concertada cando a primeira se fusione ou transforme noutra. Neste caso, o concerto continuará vixente coa entidade que a suceda, sempre que esta continúe reunindo os requisitos exixidos para formalizar o concerto social.

A entidade sucesora subrogarase nos dereitos e obrigas derivados do concerto social que estivesen vixentes no momento da sucesión.

S.5.3. Se non for posible concertar coa entidade sucesora por non cumprir esta cos requisitos exixidos no concerto social, considerarase para todos os efectos un suposto de resolución do concerto por culpa da entidade concertada.



S.5.4. Para os efectos anteriores, a entidade concertada deberá comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade a circunstancia que se producise.

T) Modificacións.

T.1. Modificación do acordo de concertación.

T.1.1. Unha vez formalizado o concerto social, poderanse introducir modificacións só cando estas obedezan a razóns de interese público como consecuencia de circunstancias sobrevidas, debidamente xustificadas e derivadas das necesidades de atención ás persoas usuarias.

As modificacións deste concerto non poderán alterar as condicións esenciais da concertación e deben ser as estritamente indispensables para responder ás causas obxectivas que as fagan necesarias.

As modificacións só serán posibles cando non afecten os requisitos legais para a prestación dos servizos, non supoñan unha mingua na calidade do servizo e, de implicar un custo, exista crédito adecuado e suficiente para poder asumilo.

T.1.2. O procedemento de modificación poderase iniciar de oficio, con audiencia á parte interesada, ou por instancia de parte mediante proposta da entidade concertada. Estes aspectos deberán quedar documentados, xunto co informe da Asesoría Xurídica e os demais informes que procedan, en particular o da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, con carácter previo á formalización da modificación.

T.1.3. O órgano competente para autorizar a modificación será a persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

T.2. Modificación das condicións técnicas.

T.2.1. As condicións recollidas nos pregos técnicos do concerto social poderán ser modificadas como consecuencia de cambios normativos que as afecten ou da súa revisión por parte da Consellería de Política Social e Igualdade.

T.2.2. No expediente de modificación deberá constar unha memoria económica en que se avalíe o impacto no cambio das condicións técnicas nos módulos económicos. De ter incidencia nestes últimos, deberase proceder ao seu reaxuste.



T.2.3. Se é a Consellería de Política Social e Igualdade a que decide revisar as condicións técnicas do concerto social, os cambios deberán estar motivados na mellor ou máis axeitada prestación dos servizos mediante informe dos técnicos da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Deberáselles dar audiencia ás entidades concertadas afectadas para que poidan formular propostas e alegacións á revisión proposta.

T.3. Revisión dos prezos.

T.3.1. Os prezos fixados nesta convocatoria poderán ser revisados:

a) Cando se realice unha modificación do concerto social, segundo o establecido no artigo 27 do Decreto 209/2020, que teña incidencia nos custos do servizo.

b) Cando se produza unha variación substancial nos custos do servizo respecto das condicións económicas do concerto social.

T.3.2. A revisión de prezos precisará dun informe da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica sobre os custos económicos do concerto social, en que se evidencie a necesidade da revisión.

Para o cálculo das revisións deberanse ter en conta as previsións recollidas na normativa en materia de desindexación. Nas actualizacións de prezos o carácter diferenciado da acción concertada excluírá a consideración do período de recuperación dos investimentos aplicable á modalidade contractual.

No concerto obxecto desta convocatoria, dado o carácter significativo do cadro de persoal na configuración do prezo, pódese referenciar a actualización desta compoñente dos custos ás variacións económicas dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables ao lugar de prestación dos servizos, coas limitacións que a normativa vixente estableza.

T.3.3. A revisión dos prezos efectuarase mediante resolución ditada para o efecto pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

U) Resolución e extinción do concerto social.

U.1. Causas de extinción do concerto social.

Este concerto social extinguirase polas seguintes causas:

a) Cumprimento do concerto social.



b) Resolución do concerto social.

U.2. Cumprimento do concerto.

O concerto social entenderase cumprido pola entidade concertada cando este se realizase, de acordo cos seus termos, na totalidade da prestación e finalizase o seu período de vixencia.

U.3. Extinción do concerto por resolución.

U.3.1. Serán causas de resolución do concerto social as seguintes:

a) O mutuo acordo entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a entidade concertada.

b) A non formalización do concerto social ou da súa renovación no prazo establecido.

c) A extinción da personalidade xurídica da entidade concertada.

d) A declaración de concurso de acredores da entidade concertada ou a declaración de insolvencia en calquera procedemento.

e) O cesamento voluntario, coa autorización previa da Consellería de Política Social e Igualdade, da entidade concertada na prestación do servizo.

f) A inviabilidade económica da entidade titular do concerto social, constatada por informes de auditoría externa, cando lle sexan solicitados pola Consellería de Política Social e Igualdade.

g) A revogación da acreditación, homologación ou autorización administrativa da entidade concertada que a habilitaba para a prestación do servizo concertado.

h) O incumprimento das obrigas cualificadas como esenciais no concerto social ou o incumprimento dos estándares e parámetros de calidade exixidos nel, sempre que o incumprimento sexa imputable á entidade concertada.

i) A comisión dunha infracción grave ou moi grave das tipificadas nos artigos 81 e 82 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, cando leve aparellada unha das sancións accesorias previstas no artigo 83.2 da dita norma.



j) O incumprimento grave da lexislación en materia fiscal, laboral, de Seguridade Social e da integración social de persoas con discapacidade e prevención de riscos laborais.

k) Negarse a atender as persoas usuarias derivadas pola Administración concertante.

l) Prestar servizos como se fosen concertados coa Administración cando isto non sexa así.

m) O incumprimento da prohibición da subcontratación e cesión de servizos concertados recollidos na cláusula S.

n) A ausencia de demanda para a cobertura do servizo prestado de xeito relevante e prolongado, xa sexa para a totalidade dos servizos ou para un número significativo que faga inviable economicamente o mantemento do servizo.

ñ) A imposibilidade de continuar prestando o concerto social nos termos inicialmente acordados ou facelo sen ocasionar un prexuízo ao interese público, cando non sexa posible a modificación do concerto.

o) A demora no cumprimento das obrigas económicas por parte da Consellería de Política Social e Igualdade por prazo superior a catro meses.

p) A suspensión por causa imputable á Consellería de Política Social e Igualdade da iniciación do concerto social por prazo superior a seis meses desde a data sinalada para o comezo.

q) A desistencia ou suspensión do concerto social por prazo superior a seis meses acordado pola Consellería de Política Social e Igualdade.

r) O resto de causas establecidas na normativa sectorial de aplicación ao concerto.

U.3.2. A resolución dos concertos sociais por mutuo acordo das partes só poderá ter lugar cando medien razóns de interese público que fagan innecesaria ou inconveniente a continuación do concerto social, e non concorra outra causa de resolución que sexa imputable á entidade concertada.

U.3.3. A entidade concertada poderá solicitar a resolución do concerto social cando considere que a Consellería de Política Social e Igualdade incorreu nalgunha das causas



imputables a esta. Se a Consellería de Política Social e Igualdade se nega á resolución do concerto social, a entidade estará obrigada a continuar prestando os servizos mentres existan persoas usuarias que deban ser atendidas, sen prexuízo dos recursos que procedan.

U.3.4. Se a Consellería de Política Social e Igualdade considera que se produciu un incumprimento da entidade concertada que poida ser causa de resolución do concerto social, iniciará un procedemento administrativo, de acordo co establecido no título IX da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Se procede a resolución do concerto social, a Consellería de Política Social e Igualdade deberá establecer a data en que terá efectos a dita resolución para garantir a continuidade do servizo ás persoas usuarias.

U.4. Efectos da resolución.

U.4.1. Cando a resolución se produza por mutuo acordo, os dereitos das partes acomodaránse ao validamente estipulado por elas.

U.4.2. A resolución motivada por un incumprimento da Consellería de Política Social e Igualdade determinará o pagamento dos danos e perdas causados á entidade, tendo en conta os prezos ou módulos económicos vixentes no momento da resolución.

U.4.3. Cando a resolución do concerto social teña lugar por incumprimento culpable da entidade concertada, a entidade deberá indemnizar a Consellería de Política Social e Igualdade polos danos e perdas causados.

V) Protección de datos persoais.

V.1. Tratamento de datos persoais dos representantes das entidades solicitantes do concerto.

Os datos persoais recollidos nestes procedementos serán tratados na súa condición de responsable do tratamento pola Consellería de Política Social e Igualdade, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión destes procedementos, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, informar sobre o estado de tramitación e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.



A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como no cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable, segundo o disposto na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, e na Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

Os datos poderán ser comunicados ás administracións públicas do ámbito autonómico, estatal e comunitario para o exercicio das súas competencias na materia coa finalidade de levar a cabo as actuacións de control previstas.

As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto co delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

As entidades concertadas obríganse a informar á súa vez o persoal ao seu servizo e as persoas usuarias, con carácter previo a que se faciliten os seus datos á Consellería de Política Social e Igualdade, dos criterios establecidos nos parágrafos anteriores.

V.2. Tratamento de datos persoais das persoas usuarias.

Os datos persoais necesarios para levar a cabo as actividades realizadas ao abeiro desta resolución serán tratados na súa condición de responsable do tratamento pola Consellería de Política Social e Igualdade. A lexitimación para o tratamento dos datos será o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable fundamentada á súa vez na Lei orgánica 1/1996, do 15 de



xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, e na Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

Os datos persoais que sexan xestionados polas entidades concertadas para a xestión das devanditas accións derivadas da execución do programa, na súa condición de encargadas do tratamento, poderán ser tamén comunicados, cando sexa estritamente necesario, ás entidades acreditativas da formación, ás administracións públicas no exercicio das súas respectivas competencias e outros órganos encargados da xestión e control financeiro de fondos europeos.

As persoas usuarias poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto co delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

V.3. Deber de confidencialidade.

As entidades concertadas deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para a formalización e desenvolvemento das accións previstas nesta resolución. Así mesmo, quedan expresamente obrigadas:

– A utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito desta orde e para as finalidades previstas nela.

– A non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, exixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución da resolución.



– A facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obriga de tratar a información a que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial.

– A aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida, se así o solicita a parte que a forneceu.

Considerarase información confidencial aquela a que as entidades beneficiarias accedan en virtude da presente resolución, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase aínda despois de finalizada a relación.

V.4. Encargo do tratamento.

Respecto do tratamento de datos persoais, as entidades concertadas terán a condición de encargadas do tratamento en relación con aquelas tarefas de coordinación administrativa, posta en marcha, desenvolvemento e seguimento das accións obxecto desta resolución, que impliquen a recollida de datos das persoas usuarias.

V.4.1. Identificación da información afectada.

Como encargadas do tratamento, as entidades beneficiarias das axudas xestionarán os datos persoais das persoas usuarias necesarios para a execución das obrigas contidas nesta resolución.

V.4.2. Obrigas das entidades concertadas como encargadas do tratamento.

As entidades concertadas como encargadas do tratamento deberán cumprir coas obrigas recollidas a continuación, exixindo o mesmo compromiso do persoal ao seu servizo:

V.4.2.a) Tratar por conta do responsable os datos persoais necesarios para levar a cabo adecuadamente a prestación do servizo obxecto do convenio.

V.4.2.b) Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, só para os efectos desta resolución. En ningún caso poderá utilizar os datos para os seus fins, sendo considerado neste caso como responsable do tratamento.



V.4.2.c) Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considerase que algunha das instrucións infrinxe o RXP, a LOPD, a LOPD, a LOPD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos, porao inmediatamente en coñecemento do responsable.

V.4.2.d) Levar por escrito, se é o caso, segundo o artigo 30 do RXP, un rexistro das actividades de tratamento realizadas por conta do responsable, incluíndo o contido previsto no dito artigo.

V.4.2.e) Non comunicar os datos a terceiros, salvo que se conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, ou nos supostos legalmente admisibles. O encargado poderá comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste.

V.4.2.f) O encargado do tratamento non poderá subcontratar ningún dos servizos que formen parte do obxecto do convenio e que impliquen o tratamento de datos persoais, salvo os traballos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos seus servizos.

V.4.2.g) Sen prexuízo do anterior, no caso de que o encargado do tratamento necesite subcontratar parte dos servizos en que interveña o tratamento de datos persoais, deberá comunicalo previamente por escrito ao responsable do tratamento, indicando os tratamentos que están implicados e pretende subcontratar, identificando de forma clara e inequívoca a empresa subcontratista e os seus datos de contacto. A subcontratación poderá realizarse unha vez autorizada polo responsable do tratamento.

Neste último caso, o subencargado do tratamento, que tamén terá a condición de encargado do tratamento, estará tamén obrigado ao cumprimento das obrigas establecidas neste convenio para o encargado do tratamento inicial e das instrucións ditadas polo responsable. Correspóndelle ao encargado do tratamento inicial, polo tanto, regular a nova relación para que o novo encargado estea sometido ás mesmas condicións (instrucións, obrigas, medidas de seguridade..), co mesmo réxime de responsabilidade e cos mesmos requisitos formais que o encargado inicial en que se refire ao bo tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o responsable do cumprimento das obrigas.



V.4.2.h) O encargado do tratamento tamén estará obrigado a comunicarlle calquera modificación ao responsable do tratamento na incorporación ou substitución doutros subencargados, dándolle así á persoa responsable a posibilidade de opoñerse aos ditos cambios.

V.4.2.i) Manter o deber de segredo sobre os datos persoais a que teña acceso en virtude do presente concerto, aínda que finalice o seu obxecto.

V.4.2.j) Garantir que as persoas autorizadas para o tratamento dos datos persoais se comprometen, expresamente e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará oportunamente. O encargado manterá á disposición do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obriga.

V.4.2.k) Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.

V.4.2.l) Asistir o responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, mediante as medidas técnicas e organizativas oportunas, para que poida cumprir coa súa obriga de atender as citadas solicitudes das persoas interesadas no prazo previsto pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitaralle ao responsable, por petición deste, e coa maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos. No caso de que as persoas afectadas soliciten o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informaraas, por calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>

V.4.2.m) Comunicarlle ao responsable do tratamento, de forma inmediata e aplicando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información pertinente para a documentación e comunicación da incidencia, se é o caso, á Axencia Española de Protección de Datos (en diante, AEPD), de conformidade co disposto no artigo 33 do RXPd.

V.4.2.n) Apoiar o responsable do tratamento na realización de avaliacións de impacto relacionadas coa protección de datos e na realización de consultas previas á autoridade de control, cando proceda.



V.4.2.o) Aplicar, se é o caso, as disposicións contidas no Real decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:

- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanente dos sistemas e servizos de tratamento.
- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais rapidamente, en caso de incidencia física ou técnica.
- Verificar, avaliar e valorar, de forma periódica, a eficacia das medidas técnicas e organizativas postas en marcha para garantir a seguridade do tratamento.
- Pseudonimizar e cifrar os datos persoais, se é necesario.

V.4.2.p) Poñer á disposición do responsable toda a información necesaria para acreditar o cumprimento das súas obrigas, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos polas entidades acreditadas ou, de non existiren, facilitando a realización das auditorías ou inspeccións que faga o responsable ou outro auditor autorizado.

V.4.2.q) Designar un delegado de protección de datos, se é o caso, segundo o previsto no artigo 37 do RXPd e no artigo 34 da LOPD-XDD, e comunicarlle a súa identidade e datos de contacto ao responsable, sen prexuízo da preceptiva inscrición na AEPD.

V.4.2.r) Devolverlle ao responsable, unha vez cumpridos os servizos obxecto do presente convenio, os datos persoais e, se é o caso, os soportes onde figuren. A devolución suporá a total supresión dos datos existentes, se é o caso, nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Non obstante, este poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución do servizo.

V.5. Tratamento de datos persoais no marco das actuacións de verificacións previstas na resolución.

As bases lexitimadoras para o tratamento dos datos persoais que poidan ser facilitados para o adecuado seguimento desta resolución e a xustificación dos correspondentes gastos relativos ás actuacións que constitúen o seu obxecto son o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable



do tratamento e o cumprimento dunha obrigaón legal, fundamentadas ambas no disposto no Regulamento (UE) 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) nº 1296/2013, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, segundo se explicita en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

W) Fraude, corrupción e conflito de intereses.

